



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de novembro de 2019**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño
D^a Yolanda Aguiar Castro

NON ASISTEN:

D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezanove de decembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1083).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 12 de decembro de 2019. . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1084).- PROPOSTA DE REGULARIZACIÓN E MODIFICADO DO CONTRATO DE "SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 5896/113.

Visto o informe xurídico do 3/12/19 e o informe de fiscalización do 10/12/19, dáse conta do informe-proposta de data 2/12/19, asinado polo técnico Responsable de Seguridade Informática, o xefe do Servizo de Administración Electrónica, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Unha vez finalizado o sexto e último ano do contrato, segundo de prórroga, do "Servizo integral de Comunicacóns do Concello de Vigo, entre o 1 de xullo de 2018 e o 30 de xuño de

2019 procede dar conta a Xunta de Goberno Local das modificacións aprobadas, así como propoñer a regularización económica correspondente ao citado período.

1. Antecedentes. Modificacións aprobadas ao amparo da cláusula 32 do PCAP.

Segundo a cláusula 32 do PCAP de data 28/12/2012, que rexe o presente contrato, reproducida a continuación, achéganse as modificacións aprobadas polo Concelleiro delegado do área durante o período 1/07/2018 a 30/06/2019.

CLÁUSULA 32 DO PCAP.- MODIFICACION DO CONTRATO

O Órgano de Contratación poderá modificar os seguintes aspectos do contrato:

- Incorporación de novos servizos e equipos (1)
- O número de enlaces e servizos (2)
- O incremento de centros e instalacións municipais (3)

As CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN son as seguintes:

- Aumento do consumo variable respecto ó estimado (4)
- Incorporación de novos servizos respecto os solicitados no prego, ben por modificación das necesidades municipais ou ben pola aparición de novas tecnoloxías durante a vixencia do contrato ou ben pola apertura de novas sedes ou centros municipais (5)
- Situacións de urxencia que poidan requirir necesidades adicionais de servizos (6)

O contrato poderase modificar ata un 20% do prezo do contrato en todo caso, dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 108, 211 e 219 do TRLCSP.

As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión –en máis ou en menos- sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo ós importes ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

As modificacións se aprobarán por resolución do concelleiro de Área e se dará conta das mesmas a Xunta de Goberno en informes trimestrais

Os custos do contrato están divididos en custos fixos, que son os custos coñecidos a priori dos servizos, tales como altas, cotas, mantementos, tarifas planas etc e os custos variables que son os custos descoñecidos previamente, e que son fundamentalmente as chamadas voz, mensaxes e datos. A alta dun servizo inclúe os dous tipos de custos, fixo e variable. A continuación detállanse o listado de modificacións aprobadas cos custos fixos anuais estimados e as circunstancias que posibilitan a modificación segundo a cláusula 32 do PCAP.

Listado de modificacións (altas) aprobadas entre o 1 de xullo de 2018e o 30 de xuño de 2019 que afectan os custos de tipo fixo

EXPEDIENTE	SERVIZO	CONCEPTO	CUSTOS FIXOS ANUAIS SEN IVE	TIPOLOXÍA CLÁUSULA 32
2566/500	DIRECCIÓN DE INGRESOS (1)	SOLICITUDE LIÑA TELEFÓNICA MÓBIL BÁSICA	64,00 €	1, 5
2584/449	SERVIZO DE TRANSPORTES (449)	SOLICITUD ALTA LINEA MOVIL PARA SISTEMA DE ENVIO DE INFORMACIÓN A LOS PANELES INFORMATIVOS	145,90 €	1, 5
2216/449	SERVIZO DE TRANSPORTES (449)	ACTUALIZACIÓN A TELEFONO MOBIL TIPO SMARTPHONE	336,68 €	1, 5



Concello de Vigo

EXPEDIENTE	SERVIZO	CONCEPTO	CUSTOS FIXOS ANUAIS SEN IVE	TIPOLOXÍA CLÁUSULA 32
13624/445	PARQUE MOBIL (445)	SOLICITUDE DE TRES TELÉFONOS MÓBILES BÁSICOS	192,00 €	1, 5
51074/444	ELECTROMECHANICOS (444)	SOLICITUDE DE TARXETA SIM CON DATOS PARA CONTROL SISTEMA CLORACIÓN FONTE ORNAMENTAL	145,90 €	1, 5
50953/444	ELECTROMECHANICOS (444)	SOLICITUDE MÓBIL SMARTPHONE CON DATOS	336,68 €	1, 5
6036/440	ÁREA DE FOMENTO (440)	SOLICITUDE DE ACTUALIZACIÓN A SMARTPHONE	336,68 €	1, 5
5626/440	AREA DE FOMENTO (440)	SOLICITUDE DE ACTUALIZACIÓN A SMARTPHONE	336,68 €	1, 5
23055/332	EDUCACION (332)	ACTUALIZACIÓN TELEFONO MOBIL A SMARTPHONE	336,68 €	1, 5
2210/330	CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA (330)	ACTUALIZACIÓN A TERMINAL SMARTPHONE	336,68 €	1, 5
4908/313	CONCELLO DE VIGO LABORATORIO (313)	SOLICITUDE DE 3 DISPOSITIVOS MÓBILES TIPO SMARTPHONE O PARA SERVICIO DESINFECCIÓN	1.010,04 €	1, 5
9202/307	PATRIMONIO HISTÓRICO (307)	SOLICITUDE ACTUALIZACIÓN A SMARTPHONE	336,68 €	1, 5
13617/306	CONCELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE (306)	SOLICITUDE DE 2 TELEFONO MÓBIL BÁSICO	128,00 €	1, 5
83983/250	ÁREA DE FOMENTO (440)	SOLICITUDE DE ACTUALIZACIÓN A SMARTPHONE	336,68 €	1, 5
83228/250	SERVIZO VIAS E OBRAS (250)	SOLICITUDE ACTUALIZACIÓN DE 9 MÓBILES A SMARTPHONE	3.030,12 €	1, 5
60828/212	POLICIA LOCAL (212)	SOLICITUD DE ACTUALIZACIÓN A SMARTPHONE	336,68 €	1, 5
1601/110	SECRETARÍA XERAL-GOBERNO LOCAL (110)	SOLICITUDE SMARTPHONE CON DATOS	336,68 €	1, 5
16358/77	PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO LOCAL (77)	SOLICITUDE DE SMARTPHONE	336,68 €	1, 5
2895/611	CONCELLERIA DE DEPORTES (611)	SOLICITUD TARJETA COMUNICACIÓN MOBIL PARA UNIDADE CONTROL CLIMATIZADORA	181,90 €	1, 5
		Total:	8.601,34 €	

Por outro lado, a continuación relaciónanse as baixas de servizos durante o sexto ano do contrato coa estimación dos custos anuais fixos correspondentes:

Concepto	Cantidade	Custos estimados Fixos Anuais sen IVE	Tipoloxía cláusula 32
Liñas RTB	0	0,00	

Concepto	Cantidade	Custos estimados Fixos Anuais sen IVE	Tipoloxía cláusula 32
Liñas RDSI	0	0,00	
ADSL	0	0,00	
Sede VPN/IP	0	0,00	
Tarifas planas datos móbiles	27	3939,30	1,5
TOTAL		3.939,30 €	

O total estimado anual sen ive dos custes debidos as modificacións para os **custos fixos** é a diferenza entre as altas aprobadas e as baixas, e supón a cantidade de **4.662,04 €**. Esta é unha estimación anualizada, xa que na realidade as altas e baixas se prorratean desde a súa data efectiva, polo que non coincide exactamente coa regularización real.

É necesario destacar que a partires do 1 de xaneiro de 2016 os organismos autónomos Instituto Municipal dos Deportes, Vigozoo e Escola Municipal de Artes e Oficios integráronse no Concello de Vigo. Os citados organismos xa estaban adheridos as mesmas condicións do contrato do servizo integral de comunicacións, e, a partires de eses momento, os seus custos están imputados o Concello de Vigo, polo que é preciso ter en conta as desviacións producidas por tal causa.

As modificacións de servizos así como os cambios dos consumos variables respecto os estimados dos servizos inicialmente contratados, deron lugar as seguintes variacións, recollidas no punto (4) da cláusula 32 do PCAP:

Para tráficos variables de servizos fixos

Tipo de tráfico	Tráfico Estimado Contrato			Tráfico Real 2018-2019		
	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE
Metropolitana	396.137	718.875	6.038,52	129.808	300.241,72	2.409,04
Metropolitanas internas corporativas	68.708	203.184	0	(*)	(*)	0
Provincial	21.548	50.840	648,24	(**)	(**)	0
Nacional	40.207	78.920	1.022,76	45.439	45.835,35	590,21
Internacional	1.688	6.442	223,68	1.082	4.795,15	166,58
Móbil	165.604	347.214	10.144,92	21.627	35.981,20	1.046,87
Rede Intelixente	52.038	42.611	3.720,48	26.329	19.369,83	3.481,30
Resto	42.070	33342	2.254,92	6.973	10.826,28	721,75
TOTAL (TCF)			24.053,52			8.415,75€

(*) chamadas internas sen custo

(**) dende xullo 2018, tráfico provincial incluído no nacional



Concello de Vigo

Para tráficos variables de servizos móbiles

Tipo de tráfico	Tráfico Estimado Contrato			Real		
	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS (orixen fixo-Móbil)	77.118	125.451,81	839,06	145.211	221.321,53	1.532,20
TRAFICO NACIONAL A Móviles (orixen fixo-Móbil)	164.112	409.379,72	12.124,79	326.078	899.321,12	25.255,65
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS	237.992	403.216,67	2.637,60	301.189	478.994,43	3.633,04
TRAFICO NACIONAL A Fixos	68.974	142.541,58	4.234,91	7.435	171.321,09	4.732,35
TRAFICO NACIONAL A Móviles	307.022	699.155,00	20.731,72	626.872	1.198.451,71	39.017,41
RESTO DE TRAFICO NACIONAL	5.659	12.081,44	3.670,23	6.453	13.531,12	4.679,71
(2) TRAFICO INTERNACIONAL/ITINERANCIA	2.122	5.049,41	2.415,07	2823	5.883,01	2.644,44
SMS OPERADORES NACIONALES	189.309	0	9.269,88	228.233		9.732,22
(2) SMS INTERNACIONAL/ITINERANCIA	1.089	0	282,82	2123		520,01
			56.206,07			91.747,04

O total anual de variación por mor do aumento do consumo variable respecto o estimado (4) é de

	Importe oferta (sen IVE)	Importe real (sen IVE) 1º ano	Importe real (sen IVE) 2º ano	Importe real (sen IVE) 3º ano	Importe real (sen IVE) 4º ano	Importe real (sen IVE) 5º ano	Importe real (sen IVE) 6º ano	Diferenza (sen IVE) 6º ano e oferta
Custos variables servizos fixos	24.053,52	23.836,86	18.158,75	11.881,97	11.185,75	10.095,54	8.415,75	-15.637,77
Custos variables servizos móbiles	56.206,07	79.312,22	79.144,38	78.071,49	84.611,87	81.804,39	91.747,04	35.540,97
Total	80.259,59	103.149,08	97.303,13	89.953,46	95.797,62	91.899,93	100.162,79	19.903,20

O total estimado das modificacións aprobadas é a suma das modificacións dos custos fixos aprobados **4.662,04 (€)** e dos custos variables **19.903,20 (€)** resultando unha cantidade de **24.565,24 € sen IVE**, que supón un 7,5715 % da oferta anual (**324.445,07 € sen IVE**) e un **1,8929 %** da oferta total de 4 anos.

As modificacións aprobadas nos anos 2013-2014, 2014-2015, 2015-2016, 2016-2017 e 2017-2018 foron do **7,835%** respecto a oferta TOTAL (4 anos). No conxunto do contrato, o total de modificacións aprobadas acumuladas nos seis anos do contrato respecto a oferta TOTAL (4 anos) é o **9,7279 %**, que non supera o límite establecido do 20%

2. Proposta de regularización económica

Segundo a cláusula 5.5.7, no seu apartado 8, do PPT:

“Os licitadores indicarán nas súas propostas o formato, contidos, nivel de detalle, ferramentas de procesamento, data de presentación factura, e outras. Así mesmo, poderán propoñer esquemas tarifarios, baseados en custo/tempo ou custo/información polos diferentes tipos de tráfico ou facturacións fixas. No caso de propoñer un formato de facturación fixa concertada, presentarase como mínimo anualmente una proposta de regularización en base os custos reais para cada entidade municipal facturada. O Concello de Vigo resérvase a opción de efectuar regularizacións cada vez que o proceso de facturación o requira.”

así como a cláusula 32 do PCAP respecto as modificacións, e dado que o adxudicatario propuso un formato de facturación concertada fixa, procede a realización dunha regularización transcorrido o quinto ano de contrato.

O custo anual do contrato ofertado polo adxudicatario, que contén un custo fixo e outro variable, ascendeu a 392.578,53 euros (IVE incluído), polo que ao optarse por unha facturación fixa concertada supuxo unha facturación mensual de 32.714,88 euros/mes para o primeiro ano do contrato e que se mantuvo no segundo, terceiro e cuarto ano segundo proposta aprobada pola XGL.

O importe abonado no 5º e 6º ano das prórroga, corresponde a formalización da prórroga aprobada en XGL en data 04-05-2017 que conforme a cláusula 7 do prego administrativo

“O presente contrato poderá ser obxecto de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha delas, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de dez meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

No suposto de facerse efectiva a/s prórroga/s, do prezo do contrato para cada nova anualidade deberá deducirse o custo da amortización das inversións, por estar totalmente recuperado.”

aprobou unha cantidade anual de 274.907,07 € máis 57.730,48 correspondente o 21% do IVE, facendo un total de 332.637,55 €.

Segundo a proposta de regularización anual de data 14 de novembro de 2019 realizada polo adxudicatario, e unha vez realizados os análises e comprobación da facturación, por parte do servizo de Administración Electrónica, resulta a seguinte regularización para o Concello de Vigo:

Segundo os custos sexan fixos ou variables (importes sen IVE)

	Importe oferta inicial	Importe real 1º ano	Importe real 2º ano	Importe real 3º ano	Importe real 4º ano	Importe real 5º ano	Importe real 6º ano	Importe abonado 6º ano	Diferenza 6º ano importe real- importe abonado
Custos Fixos	244.185,48	225.129,40	223.467,49	247.775,13	243.670,34	194.135,84	194.647,48	194.647,48	0,00



Concello de Vigo

Custos variables (orixe fixo)	24.053,52	23.836,86	18.158,75	11.881,97	11.185,75	10.095,54	8.415,75	24.053,52	-15.637,77
Custos variables (orixe móbil)	56.206,07	79.312,22	79.144,38	78.071,49	84.611,87	81.804,39	91.747,04	56.206,07	35.540,97
Total	324.445,07	328.278,47	320.770,62	337.728,59	339.467,96	286.035,77	294.810,27	274.907,07	19.903,20

En resumen:

	Custo anual		
Facturación concertada abonada total 2018-19	274.907,07 €		
Custo real 2018-19	294.810,27 €	IVE 21%	Total Regularización
Diferencia	19.903,20 €	4.179,67 €	24.082,87 €

A diferenza das modificacións aprobadas (**24.565,24 €**) e a regularización real (**19.903,20 €**), **datos sen IVE**, débese a estimación anualizada das altas e baixas fronte o prorrateo real segundo a data efectiva das súas realizacións así como a variación de prezos (85% do IPC anual de comunicacións) aplicada durante a vixencia do contrato últimos anos

A empresa adxudicataria, UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. (CIF: U86740305) é conforme coa regularización por un importe total de **24.082,87 €**, **IVE 21% xa engadido**, segundo a citada proposta de regularización que se anexa ao expediente.

Por todo o exposto, e no uso da delegacións de competencias de Alcaldía do 18/06/2019 completada pola resolución de delegación de competencias do 26/06/2019 e polo acordo de delegación de competencias da XGL do 20/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte:

ACORDO

- 1.- A Xunta de Goberno Local dáse por enterada das modificacións aprobadas polo concellaría delegada de Administración Electrónica con relación ao contrato "Servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo" entre o 01/07/2018 e o 30/06/2019, por unha cantidade de **23.083,56 € sen IVE**, que supón un **7,835 %** da oferta **anual (324.445,07 € sen IVE) e un acumulado en seis anos do 9,7279 %**
- 2.- Aprobar a regularización do custo do contrato do "Servizo integral de comunicacións do concello de Vigo" entre as datas 01/07/2018 e o 30/06/2019, da que deriva un gasto adicional para o Concello por importe de **24.082,87 €**
- 3.- Autorizar o gasto e recoñecer a obriga de pagamento nunha factura única por un total de **24.082,87 €** (base imponible **19.903,20€**, tipo IVE 21%, importe IVE 4.179,67 €) a prol da empresa adxudicataria UTE Telefónica de España SAU – Telefónica Móviles

S.A.U. (CIF U86740305) que se imputará á aplicación orzamentaria 9220.2220000 “gastos telefónicos dependencias municipais”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1085).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A ACTUALIZACIÓN DAS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PARA A XESTIÓN DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE) E DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (PLUSVALÍA). EXPTE. 8816/113.

Visto informe de fiscalización do 10/12/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 9/12/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario, coa finalidade de realizar a contratación do servizo para a “Actualización dos aplicativos de Xestión do IAE e Xestión da Plusvalía”.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado en data 30/09/2019 pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares, asinado en data 11/06/2019 pola Adxunta ao Xefe do Servizo de Admón. Electrónica e polo Xefe de servizo de Administración electrónica.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 89.999,80 €, que inclúe un IVE de 15.619,80 €, de onde o 15 de setembro de 2019, e que se imputará á seguinte partida:

Partida	Exercicio	Base	IVE.	Importe total
9207. 6400002	2019	74.380,00	15.619,80	89.999,80 €

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 21 de novembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L. con CIF B-36.499.960, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., o día 25 de novembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 4 de decembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de decembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMATIA INNOVATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMATIA INNOVATION, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 15 de novembro de 2019 e co acordo da Mesa polo que se outorgou a este licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula en aplicación da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a IMATIA INNOVATION, S.L., con CIF B-36.499.960, o procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113) coas seguintes condicións:



Concello de Vigo

- a) *O prezo total do contrato é de 76.472,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.272,00 euros.*
- b) *Inclúe unha bolsa de horas adicionais de mantemento evolutivo perfectivo sobre as mínimas esixidas no punto 9 do prego de prescricións técnicas particulares, de 35 horas.*
- c) *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido no punto 10 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (12 meses) en 2 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1086).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA DESENVOLVEMENTO DA ACTUALIZACIÓN DO REXISTRO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8862/113.

Visto informe de fiscalización do 16/12/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 13/12/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo para desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo (8.862-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo (8.862-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 13 de setembro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo para “Desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo”

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 26/07/2019.

TERCEIRO.-Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 24/07/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de 120.000,00 €, que inclúe un IVE de 20.826,44 €, dende o 15 de Setembro de 2019, o cal se imputará ás seguintes partidas e exercicios

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVA</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
<i>9207.6400002</i>	<i>2019</i>	<i>15.619,83 €</i>	<i>74.380,17 €</i>	<i>90.000,00 €</i>
<i>9207.6400002</i>	<i>2020</i>	<i>5.206,61 €</i>	<i>24793,39 €</i>	<i>30.000,00 €</i>

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de novembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de novembro de 2019, de GUADALTEL, S.A. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo (8.862-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	99 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*



Concello de Vigo

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., o día 29 de novembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 10 de decembro de 2019, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de decembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMATIA INNOVATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMATIA INNOVATION, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor de data 25 de novembro de 2019 e o acordo da Mesa do 28 de novembro polo que se lle outorgou a este licitador a puntuación máxima pola súa proposición avaliábeil a través de fórmula (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de novembro de 2019, de GUADALTEL, S.A. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*

2. Adxudicar a IMATIA INNOVATION, S.L. (B-36.499.960) o procedemento aberto para a contratación do servizo para desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo (8.862-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 118.580,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.580,00 euros.
- b) Inclúe unha bolsa de horas adicionais de mantemento evolutivo perfectivo sobre as mínimas esixidas no punto 9 do prego de prescricións técnicas particulares (70 horas) de 35 horas (105 horas en total).
- c) Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido no punto 10 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (12 meses) en 2 anos (3 anos en total).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1087).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA DE SEGUROS PRIVADOS AO CONCELLO DE VIGO E AOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 6342/241.

Visto informe de fiscalización do 13/12/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos (6.342-241)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos (6.342-241)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 10 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- - Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 24 de setembro de 2019.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 10 de setembro de 2019.

Cuarto.- Este contrato non xera custo económico directo para a Administración municipal por canto o Concello non aboará prezo ningún á corredoría de seguros que resulte seleccionada. Esta será retribuída polas entidades aseguradoras coas que se contraten as correspondentes pólizas de seguros, que lle aboarán como prezo o resultado de aplicar ás primas netas dos seguros a porcentaxe de comisión que tiña ofertado o contratista.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 21 de novembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos (6.342-241) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	BORRÁS-VÁZQUEZ-CAMESELLE-ARTAI CORREDURÍA	98,00
2	AON GIL Y CARVAJAL, S.A.	64,20

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BORRÁS-VÁZQUEZ-CAMESELLE-ARTAI CORREDURÍA con CIF A-36.768.257, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 7 e 20.2 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, BORRÁS-VÁZQUEZ-CAMESELLE ARTAI, Correduría de Seguros, S.A., o día 25 de novembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 2 de decembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de decembro de 2019 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade dos membros presentes, conceder un prazo de 3 días a BORRÁS-VÁZQUEZ-CAMESELLE ARTAI, Correduría de Seguros, S.A. para completar a documentación acreditativa da solvencia económica

Dentro do prazo concedido o licitador presentou a documentación requirida. A Mesa de Contratación, na sesión do 13 de decembro de 2019 revisou esta documentación considerándoa correcta polo que acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BORRÁS-VÁZQUEZ-CAMESELLE ARTAI, Correduría de Seguros, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BORRÁS-VÁZQUEZ-CAMESELLE ARTAI, Correduría de Seguros, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 20 de novembro de 2019.



Concello de Vigo

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a BORRÁS-VÁZQUEZ-CAMESELLE ARTAI, Correduría de Seguros, S.A. (CIF A-36.768.257) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos (6.342-241) coas seguintes condicións:

- a) *A porcentaxe de corretaxe anual sobre as primas netas das pólizas de seguros que contrate o Concello de Vigo será a seguinte:*

Póliza	Porcentaxe de corretaxe
Responsabilidade civil	2%
Flota de vehículos	3%
Vida	2%
Accidentes e lesións deportivos	4%
Coleccións patrimonio cultural	7%
Outros	7%

- b) *Propón un incremento das horas mínimas de formación do persoal municipal de 24 horas anuais (total 44 horas anuais).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1088).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA DE EDUCACIÓN FAMILIAR DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 9563/224.

Visto informe de fiscalización do 16/12/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 13/12/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.563-224)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.563-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a apertura do procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do Programa de educación familiar e social coas persoas usuarias da Rede Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero.

2º.- Autorizar o gasto de 34.739,08 € para a contratación da xestión do Programa de educación familiar e social coas persoas usuarias da Rede Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero, que se imputará con cargo á partida presupostaria “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2019 e 2020, desglosado do seguinte xeito: 2.894,92 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2019 e 31.844,16 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2020, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.

3º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do Programa de educación familiar e social coas persoas usuarias da Rede Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero de data 08.10.2019, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 04.10.2019.”

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 28 de novembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.563-224) na seguinte orde decrecente:

	Licitador	Puntuación total
1	FUNDACIÓN ALDABA	90 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro e único lugar, FUNDACIÓN ALDABA con CIF G-82.453.606, para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais aos cales se comprometeu na súa oferta, conforme ao modelo incluído no Anexo VIII.”*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, FUNDACIÓN ALDABA, o día 28 de novembro de 2019, que presenta a documentación requirida 9 de decembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de decembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FUNDACIÓN ALDABA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FUNDACIÓN ALDABA, de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 27 de novembro de 2019 e co acordo da Mesa de Contratación de data 28 de novembro de 2019 polo que se outorgou a este licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FUNDACIÓN ALDABA (G-82.453.606) o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.563-224) , coas seguintes condicións:

- *O prezo do contrato é de 28.509,98 euros (exento de IVE).*
- *Incrementa a experiencia laboral dos medios persoais adscritos ao servizo na execución directa de proxectos que inclúan intervención sociofamiliar con mulleres e/ou menores en situación de violencia de xénero en 15 meses.*
- *Incrementa a formación en materia de igualdade dos medios persoais adscritos ao servizo en 115 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1089).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PREMIOS EN METÁLICO PARA O CIRCUÍTO DE CARREIRAS RUNRUNVIGO 2019”. EXPTE. 19215/333.

Visto o informe de fiscalización do 9/12/19, dáse conta do informe-proposta de data 19/11/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e a secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:



Concello de Vigo

1.- Antecedentes:

A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuíto de carreiras populares da Cidade de Vigo. Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.

O programa das carreiras populares, que se desenvolve no ámbito da cidade de Vigo, está configurado por 9 tradicionais probas que se celebraron ó longo do ano 2019 dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras tal como se detalla:

PROBA	Distancia
Subida ao Castro	3.000 m.
Medio Maratón e Maratón Vig Bay	21.097 m / 42.195m.
HappyGoRunning – Cidade Universitaria	10.000 m.
Carreira da Cereixa	10.000 m.
Carreira Nocturna Correndo por Vigo	10.000 m.
Carreira Nocturna de San Xoán	8.600 m.
10 Km. Xorn. Marisqueiras do Berbés	10.000 m.
Vigo+11	10.000 m.
Vigo Contra el Cáncer	10.000 m.

Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuíto, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no circuíto para a definición dunha clasificación xeral de todos os participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras. Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras o tempo que a mesma servirá para establecer o final de todo o circuíto os gañadores e primeiros clasificados no “Circuíto de Carreiras RunRunVigo”.

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do “Circuíto”, polo cal dende a Concellería de Deportes se propuxo o outorgamento dun premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuíto.

Para a clasificación final das carreiras celebradas no ámbito do circuíto 2019, cuxa última proba foi celebrada o pasado 10 de novembro de 2019, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 5.500,00 €, que se distribuirán nas seguintes categorías cos seguintes importes:

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €

F-5 e M-5	300,00 €	200,00 €	100,00 €
-----------	----------	----------	----------

*Nas categorías F-1 e F4, só houbo 2 atletas das tres primeiras clasificadas que cumpriran cos requisitos do regulamento para ter acceso ó premio en metálico.

*Na categoría F-5, só houbo 1 atletas das tres primeiras clasificadas que cumprira cos requisitos do regulamento para ter acceso ó premio en metálico.

Tendo en conta que o importe máximo de cada un dos premios non supera en ningún dos casos os 300€, e atendendo ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, e no Art. 75.3.f. do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que “No existirá obligación de practicar retención o ingreso a cuenta sobre las rentas siguientes:f) Los premios.....cuya base de retención no sea superior a 300€”, non se practicará ningún tipo de retención sobre os importes dos premios.

Os créditos necesarios para este expediente se aplicarán con cargo á aplicación 3410.489.00.01, o cal non perturba o normal funcionamento da execución orzamentario do servizo.

2.- Proposta:

Dos resultados parciais de cada unha das probas celebradas foi realizada unha clasificación xeral do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo” que se anexa ó presente expediente. Comprobose que os e as atletas propostos cumpren co establecido no regulamento do circuíto, do que se desprende que os gañadores da proposta de premios en metálico son os seguintes atletas, ós cales lles corresponde os premios en metálico que se indican:

Categoría Femenina-1 e Masculina-1:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
F-1	1ª	KAREN CASTRO DOMÍNGUEZ	3****97**	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-1	2ª	VANESA VILLAR DIÉGUEZ	3**7***2T	200,00 €	0,00 €	200,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
M-1	1er	DANIEL BARGIELA ARAÚJO	7***53**A	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-1	2º	CARLOS E. GUTIÉRREZ GLEZ.	5**557***	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-1	3º	EMILIO PÉREZ GROBA	7****365*	100,00 €	0,00 €	100,00 €



Concello de Vigo

Categoría Femenina-2 e Masculina-2:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-2	1er	ANA ALONSO GULLÓN	***1**01S	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-2	2º	MACARENA FERREIRA ÁLVAREZ	7****435*	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-2	3º	PILAR VÁZQUEZ DOPAZO	*****212V	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-2	1er	VÍCTOR H. PACHECO MARTÍNEZ	53***19**	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-2	2º	RUBÉN PEREIRA CARDALDA	3****822*	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-2	3º	DANIEL VILA COMBARROS	361**6***	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-3 e Masculina-3:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-3	1ª	M. JOSÉ VELÁZQUEZ GARCÍA	**095***S	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-3	2ª	Mª FERNANDA MARTÍN AMOEDO	3****818*	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-3	3ª	ISABEL MIRANDA GONZÁLEZ	3**1*12**	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-3	1er	JOSÉ CARLOS ADÁN ARIAS	****046*M	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-3	2º	SANTIAGO BERNÁRDEZ MACÍA	36***62**	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-3	3º	BENITO VÁZQUEZ VARELA	*6093****	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-4 e Masculina-4:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-4	1ª	CARMEN COSTAS RODRÍGUEZ	76***83**	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-4	2ª	ROSA Mª ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ	****552*V	200,00 €	0,00 €	200,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-4	1er	MANUEL SUÁREZ MARTÍNEZ	**021***J	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-4	2º	JOSÉ JARDÓN LÓPEZ	10***19**	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-4	3º	MANUEL PÉREZ PASCUL	*****365A	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-5 e Masculina-5:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-5	1ª	JOSEFA FREIRE MOSQUERA	7**851***	300,00 €	0,00 €	300,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-5	1er	J. ROBERTO REY GONZÁLEZ	345*****F	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-5	2º	JUAN CAMEÁN LAMPÓN	3****87*H	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-5	3º	CARLOS DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ	***0234**	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Tendo en conta os antecedentes descritos, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, e atendendo a que o circuíto rematou o pasado día 10 de novembro de 2019 coa celebración da derradeira proba e que a gala de clausura do circuíto está prevista para o vindeiro 22 de xaneiro de 2020, plantéase a presente proposta ao obxecto de aprobar os gastos vinculados ao outorgamento dos premios do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo 2019”.

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral.



Concello de Vigo

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

PROPOSTA

1. Dispoñer e comprometer o gasto polo importe de 5.500,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo 2019” co desglose detallado na táboa adxunta, a aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.489.00.01, o cal non perturba o normal funcionamento da execución orzamentario do servizo.

Categoría Femenina-1 e Masculina-1:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe liquido
F-1	1ª	KAREN CASTRO DOMÍNGUEZ	3****97**	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-1	2ª	VANESA VILLAR DIÉGUEZ	3**7***2T	200,00 €	0,00 €	200,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe liquido
M-1	1er	DANIEL BARGIELA ARAÚJO	7***53**A	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-1	2º	CARLOS E. GUTIÉRREZ GLEZ.	5**557***	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-1	3º	EMILIO PÉREZ GROBA	7****365*	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-2 e Masculina-2:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe liquido
F-2	1er	ANA ALONSO GULLÓN	***1**01S	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-2	2º	MACARENA FERREIRA ÁLVAREZ	7****435*	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-2	3º	PILAR VÁZQUEZ DOPAZO	*****212V	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe liquido
M-2	1er	VÍCTOR H. PACHECO MARTÍNEZ	53***19**	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-2	2º	RUBÉN PEREIRA CARDALDA	3****822*	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-2	3º	DANIEL VILA COMBARROS	361**6***	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-3 e Masculina-3:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-3	1ª	M. JOSÉ VELÁZQUEZ GARCÍA	**095***S	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-3	2ª	Mª FERNANDA MARTÍN AMOEDO	3****818*	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-3	3ª	ISABEL MIRANDA GONZÁLEZ	3**1*12**	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-3	1er	JOSÉ CARLOS ADÁN ARIAS	****046*M	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-3	2º	SANTIAGO BERNÁRDEZ MACÍA	36***62**	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-3	3º	BENITO VÁZQUEZ VARELA	*6093****	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-4 e Masculina-4:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-4	1ª	CARMEN COSTAS RODRÍGUEZ	76***83**	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-4	2ª	ROSA Mª ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ	****552*V	200,00 €	0,00 €	200,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-4	1er	MANUEL SUÁREZ MARTÍNEZ	**021***J	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-4	2º	JOSÉ JARDÓN LÓPEZ	10***19**	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-4	3º	MANUEL PÉREZ PASCUL	*****365A	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-5 e Masculina-5:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-5	1ª	JOSEFA FREIRE MOSQUERA	7**851***	300,00 €	0,00 €	300,00 €



Concello de Vigo

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-5	1er	J. ROBERTO REY GONZÁLEZ	345*****F	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-5	2º	JUAN CAMEÁN LAMPÓN	3****87*H	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-5	3º	CARLOS DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ	***0234**	100,00 €	0,00 €	100,00 €

O pago dos importes correspondentes a cada deportistas serán realizados por transferencia bancaria, para o cal os interesados deberán acreditar a titularidade dunha conta bancaria e aceptar o premio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1090).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO MES DE NOVEMBRO DE 2019. EXPTE. 2683/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/12/19, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, aprobadas polo Pleno con data 26/12/2018, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de novembro de 2019.

Expediente	2645-334. REALIZACIÓN DUN OBRADOIRO DE TEATRO IMPROVISADO SOBRE OS OBXECTOS CUNHA DURACIÓN DE 22 HORAS E DIRIXIDO A PÚBLICO ADULTO
Resolución concelleira	data 7 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 76536
Adxudicatario	Actura 12, S.L.
Importe	792,00 euros

Expediente	2646-334. 5 ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DIRIXIDAS A BEBÉS E ÁS SÚAS FAMILIAS (CONTOS, CANTOS E OBRADOIROS); ACTIVIDADES QUE SE LEVARÁN A CABO NO MES DE DECEMBRO
Resolución concelleira	data 15 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 78430
Adxudicatario	Francisco Javier Paz Vidal
Importe	1299,98 euros

Expediente	2648-334. REALIZACIÓN DE 2 FUNCIÓNS EN LINGUA GALEGA DE -SON NO BERCE- PARA BEBÉS E PÚBLICO FAMILIAR
Resolución concelleira	data 15 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 78431
Adxudicatario	Cristina Collazo Gómez
Importe	968,00 euros

Expediente	2649-334. REALIZACIÓN DE -TECENDO SOÑOS-, 5 ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA A TRAVÉS DO PATRIMONIO ORAL (ARROLOS E CONTOS) PARA RECUPERALO, TRANSMITILO E POÑELO EN VALOR; ACTIVIDADES DIRIXIDAS A DIFERENTE PÚBLICO (MULLERES EMBARAZADAS, BEBÉS E NENOS)
Resolución concelleira	data 15 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 78432
Adxudicatario	Esperanza Mara Filgueira (emanArte)
Importe	1.336,50 euros

Expediente	2650-334. REALIZACIÓN DE 4 CHARLAS E OBRADOIROS SOBRE PEDAGOXÍA MONTESSORI
Resolución concelleira	data 19 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 79432
Adxudicatario	Sara Pena Couto
Importe	860,00 euros

Expediente	2651-334. MERCA DE DE 85 VOLUMES DE LIBROS EN GALEGO EN -LECTURA FÁCIL- DE DIVERSAS OBRAS (MOITO RUÍDO E POUCAS NOCES, O PRINCIPIÑO, TRAMPA DE LUME, OS PAZOS DE ULLOA, CORES PROHIBIDAS, COLTAN, 20.000 LEGUAS BAIXO OS MARES
Resolución concelleira	data 19 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 79433



Concello de Vigo

Adxudicatario	Librería ITES
Importe	1.105,00 euros

Expediente	2652-334. REALIZACIÓN DE 11 ACTIVIDADES DE MÚSICA INFANTIL EN GALEGO, ARROLOS E XOGOS DE MANS PARA PÚBLICO FAMILIAR
Resolución concelleira	data 20 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 82507
Adxudicatario	Luís Prego Fernández
Importe	2.750,00 euros

Expediente	2653-334. MERCA DE 100 XOGOS DE MESA -TI NON ES DE AQUÍ?. XÚNIOR-
Resolución concelleira	data 20 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 82508
Adxudicatario	Eladino Cabanelas Fernández(OZOCogz-deseño galego)
Importe	3.356,06 euros

Expediente	2654-334. REALIZACIÓN DE 7 ACTIVIDADES EN LINGUA GALEGA PARA PÚBLICO FAMILIAR
Resolución concelleira	data 20 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 82510
Adxudicatario	Raquel García Rodríguez (Raquel Queizás)
Importe	2.530,00 euros

Expediente	2655-334. REALIZACIÓN DE 2 ESPECTÁCULOS (4 ACTUACIÓNS) DE MONICREQUES, CONTACONTOS E OBRADOIROS PARA NENOS E NENAS NESTE DECEMBRO
Resolución concelleira	data 20 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 82509
Adxudicatario	Esteban Acuña Lagos (Tarabelos)
Importe	1.237,50 euros

Expediente	2657-334. REALIZACIÓN DE 2 SESIÓN DE -PAXARIÑOS- E 2 DE -QUEREMOS A PAZ-, DIRIXIDAS A BEBÉS E NENOS/AS DE + DE 3 ANOS, RESPECTIVAMENTE, NESTE MES DE DECEMBRO DE 2019
Resolución concelleira	data 21 de novembro de 2019

Informe Intervención	RC 82853
Adxudicatario	David Pernas Lázaro (Trinke trinke teatro)
Importe	1.146,00 euros

Expediente	2658-334. REALIZACIÓN DE DE 6 ACTIVIDADES DINAMIZADORAS DA LINGUA GALEGA -O MISTERIO DE NADAL- (2 CONTADAS), -O DEBUXANTE DE SOÑOS CONTRA A MALA SORTE- (3 CONTADAS) E -PERIPLO ATLÁNTICO- (1 CONTADA) NESTE NADAL DE 2019
Resolución concelleira	data 21 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 82854
Adxudicatario	Polo correo do vento, S.C.
Importe	1.815,00 euros

Expediente	2659-334. REALIZACIÓN DE 4 CONCERTOS DE MÚSICA INFANTIL E XUVENIL -UNHA TERRA CHEA- DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA; ACTIVIDADES QUE SE LEVARÁN A CABO NESTE MES DE DECEMBRO
Resolución concelleira	data 21 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 82856
Adxudicatario	Marcos Acuña Lagos (Truque Matruque)
Importe	968,00 euros

Expediente	2660-334. REALIZACIÓN DE DE OBRADOIROS -FOTOCONTO DAS CIVILIZACIÓNS- ENTRE O 20 E O 24 DE DECEMBRO NO AUDITORIO MAR DE VIGO DIRIXIDOS A PÚBLICO INFANTIL
Resolución concelleira	data 21 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 82855
Adxudicatario	EDUVÍA, xestión, cultura e lecer, S.L.
Importe	3.113,00 euros

Expediente	2661-334. REALIZACIÓN DE 22 OBRADOIROS DE IMPROVISACIÓN EN VERSO NOS CENTROS ESCOLARES DIRIXIDOS A ALUMNADO DE 5º E 6º DE PRIMARIA
Resolución concelleira	data 22 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 83000
Adxudicatario	ORAL de Galicia
Importe	4.504,00 euros



Concello de Vigo

Expediente	2662-334. REALIZACIÓN DE 6 OBRADOIROS SOBRE EDUCACIÓN SENSORIAL, INTELIXENCIA EMOCIONAL, COIDADOS PARA BEBÉS E PAUTAS DE CRIANZA AXEITADA E CON APEGO
Resolución concelleira	data 25 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 83062
Adxudicatario	Raquel Bello Varela (Espazo Oikos)
Importe	1.770,00 euros

Expediente	2663-334. REALIZACIÓN DE 13 ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE PEDAGOXÍA, EDUCACIÓN E ESTIMULACIÓN SENSORIAL, NESTES MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO
Resolución concelleira	data 22 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 83001
Adxudicatario	María Inés Pérez Carral
Importe	1.815,00 euros

Expediente	2664-334. REALIZACIÓN DE 3 CONTADAS EN LINGUA GALEGA NES-TE NADAL DE 2019 PARA PÚBLICO FAMILIAR
Resolución concelleira	data 25 de novembro de 2019
Informe Intervención	RC 83416
Adxudicatario	Ana María Vázquez Facchini
Importe	726,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(1091).- REINTEGRO A CONCELLEIRO DOS GASTOS DE DEFENSA LETRADA E DE REPRESENTACIÓN QUE TEN SATISFEITO EN PROCEDEMENTO XUDICIAL NO XULGADO DE INSTRUCCIÓN Nº 5 DE VIGO. EXPTE. 2193/1101.

Visto o informe de fiscalización de data 9/12/19, dáse conta do informe-proposta de data 27/11/19, asinado polo secretario xeral do Pleno e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TRLEP. Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Empregado Público.

CP. Código Penal.

ROFCL. Real Decreto 2568/1986, de 25 de novembro, polo o que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das CC. LL.

Antecedentes. Mediante escrito de 07.10.2019 presentado no Rexistro xeral do Pleno D. Ángel Rivas González, concelleiro, solicita o reintegro dos honorarios profesionais de defensa letrada e de representación que ten satisfeito aos avogados e procuradores que teñen intervido con ocasión das Dilixencias Previas do Procedemento 1143/2018 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 5 de Vigo; adxunta Auto de data 18.04.2019 ditado pola Maxistrada-Xuíz do Xulgado de Instrución nº 5 de Vigo que dí, "(...) Debo decretar y decreto el sobreseimiento provisional y el consiguiente archivo de las actuaciones. (...)” engádese certificación da Letrada de Administración de Xustiza de data 17.06.19 que di “consta auto de sobreseimiento provisional del 18 de abril de 2019 sin que conste presentado y/o interpuesto recurso alguno frente a dicha resolución”.

A concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, mediante Dilixencia de 27.11.2019, insta da Secretaría Xeral do Pleno a emisión de informe-proposta; cando a peticións de informes veñen solicitadas por un concelleiro se entende que estes actúan en delegación da Alcaldía séndolles de aplicación o sinalado no art. 112.5.e).1º. da LBRL; a estes efectos emítese o seguinte,

INFORME

I. As Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 1143/2018 do Xulgado de Instrución nº 5 de Vigo refírense á investigación dunha posible “resolución arbitraria” e teñen concluído con Auto de data 18.04.2019 de sobreseimento parcial e provisional das actuacións. A Letrada de Administración de Xustiza en data 17.06.19 di, “consta auto de sobreseimiento provisional del 18 de abril de 2019 sin que conste presentado y/o interpuesto recurso alguno frente a dicha resolución”.

Nas Dilixencias Previas o concelleiro contratou a preceptiva defensa letrada e de representación procesual supoñendo iso un gasto efectivo.

O artigo 75.4 da LBRL sinala, “(...) Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas (...)”. En similar sentido o artigo 13.5 do ROFCL.

O TRLEP, norma xeral de aplicación nas Administracións públicas, no artigo 14. f) indica que os empregados públicos teñen como dereito individual, “(...) Á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos (...)”.

Os membros da Corporación, no exercicio de funcións públicas, non poden ter peor condición que os empregados públicos; o artigo 24.2 do CP, considera funcionario público a, “(...) quen por disposición inmediata da Lei, por elección ou por nomeamento de autoridade competente participe no exercicio de funcións públicas (...)”.



Concello de Vigo

II. O TS en S. de data 4.02.2002 advirte que as Administracións asumirán a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación cando concorran tres esixencias: (i) que teñan sido motivados por unha inculpación que teña o seu orixe ou causa directa na intervención do membro da Corporación nunha actuación administrativa ou de doutra índole realizada no cumprimento das funcións atribuídas polas disposicións aplicables a súa actividade como tal membro da Corporación ou en cumprimento ou desenvolvemento de acordos dos órganos desta; (ii) que a intervención non se teña levado a cabo con abuso, exceso ou desviación de poder, ou en converxencia con intereses particulares propios ou do grupo político o que pertence, e (iii) que se declare a inexistencia de responsabilidade criminal por falta obxectiva de participación ou de coñecemento nos feitos determinantes da responsabilidade penal, a inexistencia destes ou o seu carácter lícito.

Cúmprese a concorrencia das esixencias mencionadas.

O sobresemento “provisional” respecto de D. Ángel Rivas González supón que o Xulgado pode acordar nova investigación no suposto de que da instrución xurdan novos indicios ou probas; non obstante, “(...) o Auto de sobresemento provisional, pola súa propia natureza, non pode xuridicamente afectar á presunción de inocencia, e, en consecuencia, o sobreseído ha de ser tido como inocente para todos os efectos (...)”, STC 6.05.1983.

III. O importe dos honorarios profesionais, segundo factura aportada, elévase a 3.630,00 euros (gastos de defensa) e 217,80 euros (representación).

Existe liberdade de pacto entre cliente/avogado e entre cliente/procurador en relación aos honorarios profesionais. Os importes das minutas aportadas son acordos aos prezos de mercado; nas minutas existe o desglose da defensa letrada no que se concretan con detalle as actuacións xudiciais materializadas.

IV. O interesado comunicará a conta de abono.

PROPOSTA DE ACORDO

Procede que a Xunta de Goberno Local, órgano competente, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aboar a D. Ángel Rivas González, concelleiro delegado, a cantidade de **3.847,80 euros** en concepto de reintegro dos importes que ten satisfeito como consecuencia dos gastos de defensa letrada e de representación nas Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 1143/2018 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 5 de Vigo como consecuencia de actuacións levadas a cabo polo concelleiro no exercicio lexítimo das súas funcións.

SEGUNDO. Notificar o presente acordo ao interesado e á Tesourería municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1092).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE “SUBVENCIONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”. EXPTE. 2972/330.

Visto o informe de fiscalización de data 16/12/19, dáse conta do informe-xurídico proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a secretaria de Admón. Municipal, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local en sesión do 12 de decembro do 2019 resolveu:

*“...PRIMEIRO.- Conceder as subvenciones para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” a favor das entidades e proxecto que se relacionan e polas contías que se detallan, segundo acta de avaliación de data 9 de decembro de 2019, así como dispoñer o gasto e recoñecer a obriga polos importes de ditas axudas que ascenden á cantidade total de **159.792,76 € (CENTO CINCOENTA E NOVE MIL SETECENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS)**, con cargo á aplicación 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio:*

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	PUNTUACIÓN TOTAL	TOTAL puntosx753,01 €	CUSTE DA ACTIVIDADE	90% CUSTE DA ACTIVIDADE (máximo subvencionable)
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-ANDREW LITTON	54	40.662,54 €	9.839,97 €	8.855,97 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA DE INSTRUMENTOS RECICLADOS DE CATEURA	60	45.180,60 €	17.735,89 €	15.962,30 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-DIMA SLOBODENI OUK	53	39.909,53 €	9.519,94 €	8.567,94 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ZALON THOMPSON	50	37.650,50 €	7.946,00 €	7.151,40 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE	ORQUESTA SINFÓNICA	50	37.650,50 €	6.984,75 €	6.286,27€



Concello de Vigo

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	PUNTUACIÓN TOTAL	TOTAL puntosx753,01 €	CUSTE DA ACTIVIDADE	90% CUSTE DA ACTIVIDADE (máximo subvencionable)
ÉXITO S.L.	DE GALICIA- CONCIERTO PARA ZAPATA Y ORQUESTA				
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA- CLEMENS SCHULDT	53	39.909,53 €	9.771,68 €	8.794,51 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA- DANIEL BJARNASON	53	39.909,53 €	9.226,16 €	8.303,54 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ANTONIO ZAMBUJO	59	44.427,59 €	17.476,43 €	15.728,78 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	500 NOCHES SABINA EN LAS VENAS	51	38.403,51 €	5.681,64 €	5113,47 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA- CARLO RIZZI	53	39.909,53 €	9.424,38 €	8.481,94 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	GILBERTO GIL	64	48.192,64 €	36.970,36 €	33.273,32 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	MUSIC HAS NO LIMITS	64	48.192,64 €	36.970,36 €	33.273,32 €
		664		177.547,56 €	159.792,76 €

SEGUNDO.- De acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicar o presente acordo no portal de transparencia municipal.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao/s interesado/s. “

Vista a acta da Comisión de avaliación de data 16.12.2019 que literalmente dí

Visto que dentro do prazo establecido na convocatoria de subvenciones para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” a mercantil ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. presentou, a, entre outras, solicitude de subvención para o financiamento da actividade “Music Has no Limits “ cun custo da actividade de 19.220,23 euros.

Visto que na acta da comisión de avaliación de data 9.12.2019 reflectiuse respecto da actuación << Music Has no Limits>> un importe do custo da actividade de 36.970,36 €, en lugar de 19.220,23 euros o que determinou que a proposta de concesión da subvención baseada na puntuación obtida logo da aplicación dos criterios de valoración e valor de punto e coa aplicación do límite do 90% do custo da actividade acadase un importe de 33.273,32 euros.

E por isto que detectado erro no importe do custo da actividade “Music Has no Limits “ reflectido na acta de avaliación procede a rectificación mesmo resultando o seguinte:

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	PUNTUACIÓN TOTAL	TOTAL puntosx753, 01 €	CUSTE DA ACTIVIDADE	90% CUSTE DA ACTIVIDADE (máximo subvencionable)
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	MUSIC HAS NO LIMITS	64	48.192,64 €	19.220,23	17.298,20 €

Asemade procede, logo da rectificación do importe do custo da actividade e aplicación dos criterios de avaliación, valor do punto e límite subvencionable, a modificación do importe total da subvención concedida que en lugar de 159.792,76 € (CENTO CINCOENTA E NOVE MIL SETECENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS), ascende á **143.817,64 € (CENTO CORENTA E TRES MIL OITOCENTOS DEZASETE EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS)** co seguinte detalle

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	PUNTUACIÓN TOTAL	TOTAL puntosx753,0 1 €	CUSTE DA ACTIVIDADE	90% CUSTE DA ACTIVIDADE (máximo subvencionable)
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-ANDREW LITTON	54	40.662,54 €	9.839,97 €	8.855,97 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA DE INSTRUMENTOS RECICLADOS DE CATEURA	60	45.180,60 €	17.735,89 €	15.962,30 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-DIMA SLOBODENI OUK	53	39.909,53 €	9.519,94 €	8.567,94 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ZALON THOMPSON	50	37.650,50 €	7.946,00 €	7.151,40 €



Concello de Vigo

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	PUNTUACIÓN TOTAL	TOTAL puntosx753,0 1 €	CUSTE DA ACTIVIDADE	90% CUSTE DA ACTIVIDADE (máximo subvencionable)
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-CONCIERTO PARA ZAPATA Y ORQUESTA	50	37.650,50 €	6.984,75 €	6.286,27€
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-CLEMENS SCHULDT	53	39.909,53 €	9.771,68 €	8.794,51 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-DANIEL BJARNASON	53	39.909,53 €	9.226,16 €	8.303,54 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ANTONIO ZAMBUJO	59	44.427,59 €	17.476,43 €	15.728,78 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	500 NOCHES SABINA EN LAS VENAS	51	38.403,51 €	5.681,64 €	5113,47 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-CARLO RIZZI	53	39.909,53 €	9.424,38 €	8.481,94 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	GILBERTO GIL	64	48.192,64 €	36.970,36 €	33.273,32 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	MUSIC HAS NO LIMITS	64	48.192,64 €	19.220,23	17.298,20 €
		664		159.797,43 €	143.817,64 €

E por isto que os membros presentes acordan por unanimidade a rectificación do custo da actividade e modificacións sinaladas na presente acta e acordan dar traslado ao órgano instructor aos efectos de proceder a tramitación da mesma segundo o procedemento establecido nas bases da convocatoria.”

Conforme o artigo 7.4 da LSG, a competencia para conceder subvencións nas entidades locais corresponde aos órganos que teñan atribuída na súa normativa específica, correspondendo á Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 127.g) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local e da delegación de facultades efectuada por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019.

Á vista do anteriormente exposto, previo informe da Intervención de Fondos, e coa conformidade da secretaria de Administración Municipal e dos concelleiros-delegados das Áreas de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Rectificar conforme o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, o importe do custo da actuación “Music Has no Limits” organizada por “Organización de Ideas de Éxito S.L.” que, en lugar de 36.970,36 euros, ascende a 19.220,23 euros modificándose en consecuencia o importe máximo subvencionable (90% do custe da actividade) que no lugar de 33.273,32 euros é de 17.298,20 euros co seguinte detalle.

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	PUNTUACIÓN TOTAL	TOTAL puntosx753,0 1 €	CUSTE DA ACTIVIDADE	90% CUSTE DA ACTIVIDADE (máximo subvencionable)
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	MUSIC HAS NO LIMITS	64	48.192,64 €	19.220,23	17.298,20 €

SEGUNDO.- Modificar o punto primeiro da parte resolutiva do acordo da Xunta de Goberno Local do 12 de decembro do 2019 respecto do importe total das subvencións concedidas para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” de xeito que, en lugar de 159.792,76 € (CENTO CINCOENTA E NOVE MIL SETECENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS), o importe total das axudas ascende a **143.817,64 € (CENTO CORENTA E TRES MIL OITOCENTOS DEZASETE EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS)**, con cargo á aplicación 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio co seguinte detalle.

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	PUNTUACIÓN TOTAL	TOTAL puntosx753,0 1 €	CUSTE DA ACTIVIDADE	90% CUSTE DA ACTIVIDADE (máximo subvencionable)
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-ANDREW LITTON	54	40.662,54 €	9.839,97 €	8.855,97 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA DE INSTRUMENTOS RECICLADOS DE CATEURA	60	45.180,60 €	17.735,89 €	15.962,30 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA-DIMA	53	39.909,53 €	9.519,94 €	8.567,94 €



Concello de Vigo

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	PUNTUACIÓN TOTAL	TOTAL puntosx753,0 1 €	CUSTE DA ACTIVIDADE	90% CUSTE DA ACTIVIDADE (máximo subvencionable)
	SLOBODENI OUK				
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ZALON THOMPSON	50	37.650,50 €	7.946,00 €	7.151,40 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA- CONCIERTO PARA ZAPATA Y ORQUESTA	50	37.650,50 €	6.984,75 €	6.286,27€
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA- CLEMENS SCHULDT	53	39.909,53 €	9.771,68 €	8.794,51 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA- DANIEL BJARNASO N	53	39.909,53 €	9.226,16 €	8.303,54 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ANTONIO ZAMBUJO	59	44.427,59 €	17.476,43 €	15.728,78 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	500 NOCHES SABINA EN LAS VENAS	51	38.403,51 €	5.681,64 €	5113,47 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA- CARLO RIZZI	53	39.909,53 €	9.424,38 €	8.481,94 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	GILBERTO GIL	64	48.192,64 €	36.970,36 €	33.273,32 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	MUSIC HAS NO LIMITS	64	48.192,64 €	19.220,23	17.298,20 €
		664		159.797,43 €	143.817,64 €

TERCEIRO.- De acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicar o presente acordo no portal de transparencia municipal.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ao/s interesado/s.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1093).- NOMEAMENTO INTERVENTOR TÉCNICO DA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE VIGO. EXPTE. 107/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/12/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 25 de outubro de 1990, adxudicou á U.T.E. "SERAGUA-FOCSA VIGO", hoxe denominada "AQUALIA-FCC VIGO", a concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

II.- O contrato foi formalizado en documento administrativo o día 8 de xaneiro de 1991, por un prazo de duración de vintecinco anos, a contar desde o 1 de xaneiro de 1991, prorrogable tacitamente por períodos de cinco anos ata o máximo legal de cincuenta anos, salvo denuncia expresa por algunha das partes contratantes, notificada ao menos un ano antes do vencemento do prazo contractual ou de calquera das súas prorrogas.

III.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21.11.2011 acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato. A prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas finaliza o 31.12.2020.

IV.- O prego de cláusulas económico-administrativas particulares da concesión de que tratamos, na súa cláusula 117 no apartado relativo "á reversión dos bens afectos á concesión" dispón que: *"Extinguida a concesión, calquera que sexa a causa, reverterán gratuitamente ao Concello a totalidade dos bens e infraestrutura básica que a Administración adscriba inicialmente ou que resulten dos que se incorporen durante a vixencia da concesión, incluídos aqueles que puidera aportar a concesionaria.*

Non obstante o disposto na precedente condición, ao término do contrato o Concello poderá adquirir os medios de xestión non amortizados totalmente afectos ao servizo público obxecto da concesión que sexan propiedade do concesionario e nos que poida estar interesado aquel. O material será valorado no seu caso polo valor residual".

Pola súa parte, a Cláusula 26a3 do Prego, en relación co "Mantemento e conservación da infraestrutura" establece, no que agora interesa que:



Concello de Vigo

*“Durante os **tres últimos anos** da vida do contrato o Concello poderá intervir, se o considera necesario, no mantemento e a conservación das infraestruturas do servizo, esixindo as reparacións **co obxecto de manter a mesma no mellor estado ata a finalización da concesión**”.*

V.- Por Resolución do Concelleiro-delegado da Área Fomento de data 15 de marzo de 2018 constituíuse un Comité técnico de traballo no ámbito do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, para realizar as tarefas vinculadas ao proceso de finalización da concesión e coa finalidade de propor as actuacións concretas necesarias no ámbito do servizo público municipal de abastecemento e saneamento.

VI.- Por Resolución do Concelleiro-delegado da Área Fomento de data 14 de setembro de 2018 se ordenou o inicio do procedemento preparatorio para a liquidación do contrato de concesión para a xestión do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

Ademais, co fin de cumprir co disposto de establecido no artigo 131 do Decreto de 17 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das corporacións locais, se solicitó ao Comité Técnico de traballo no ámbito do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, que propoña un interventor técnico da empresa concesionaria.

VII.- O Comité Técnico de traballo no ámbito do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, na reunión de 4 de decembro de 2019 acordou propoñer como Interventor técnico da Empresa concesionaria ao Enxeñeiro/ Xefe de Vías e Obras, Jerónimo Centrón Castaño.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Tanto a adxudicación como a formalización do contrato de que tratamos tiveron lugar baixo a vixencia da Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que, de acordo coas disposicións transitorias primeira da Lei 53/1999, de 28 de decembro, que modifica a anterior, da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, do Texto Refundido desta, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro e da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, é a Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril, a norma de aplicación aos efectos deste contrato, así como ao seu cumprimento e extinción.

SEGUNDO.- A cláusula 117 do PCEA no apartado relativo “á reversión dos bens afectos á concesión” dispón que:

“Extinguida a concesión, calquera que sexa a causa, reverterán gratuitamente ao Concello a totalidade dos bens e infraestruturas básicas que a Administración adscriba inicialmente ou que resulten dos que se incorporen durante a vixencia da concesión, incluídos aqueles que puidera aportar a concesionaria.

Non obstante o disposto na precedente condición, ao término do contrato o Concello poderá adquirir os medios de xestión non amortizados totalmente afectos ao servizo público

obxecto da concesión que sexan propiedade do concesionario e nos que poida estar interesado aquel. O material será valorado no seu caso polo valor residual”.

Pola súa parte, a Cláusula 26a3 do Prego, en relación co “Mantemento e conservación da infraestrutura” establece, no que agora interesa que:

“Durante os tres últimos anos da vida do contrato o Concello poderá intervir, se o considera necesario, no mantemento e a conservación das infraestruturas do servizo, esixindo as reparacións **co obxecto de manter a mesma no mellor estado ata a finalización da concesión”.**

TERCEIRO.- O artigo 78 da Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril, sobre a extinción do contrato de xestión de servizos públicos establece o seguinte:

“ Cuando finalice el plazo contractual el servicio revertirá a la Administración, debiendo el empresario entregar las obras e instalaciones a que esté obligado con arreglo al contrato y en el estado de conservación y funcionamiento adecuados.

*Durante un **período prudencial anterior a la reversión** deberá el órgano de la Administración competente adoptar las **disposiciones encaminadas a que la entrega de los bienes se verifique en las condiciones convenidas”.***

Pola súa parte, o artigo 131 do Decreto de 17 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das corporacións locais, en relación a situación e o estado de conservación das obras e o material afectos á concesión no momento da reversión dispón o seguinte:

“1. El pliego de condiciones detallará la situación y el estado de conservación en que habrán de encontrarse las obras y el material afectos a la concesión en el momento de reversión de la misma.

2. Con anterioridad a ésta, en el plazo que señalare el pliego de condiciones y, en todo caso, como mínimo, en el de un mes por cada año de duración de la concesión, la gestión del servicio se regulará del modo siguiente:

1º La Corporación designará un Interventor técnico de la Empresa concesionaria, el cual vigilará la conservación de las obras y del material e informará a la Corporación sobre las reparaciones y reposiciones necesarias para mantenerlos en las condiciones previstas.

2º En caso de desobediencia sistemática del concesionario a las disposiciones de la Corporación sobre conservación de las obras e instalaciones o de mala fe en la ejecución de las mismas, la Corporación podrá disponer el secuestro de la Empresa y, si fuere preciso, solicitar del Ministerio de la Gobernación que continúe hasta el término de la concesión”.

En consecuencia e de conformidade co disposto nestes artigos, o Concelleiro-delegado da Área Fomento en resolución de data 14 de setembro de 2018 solicitó ao Comité Técnico de traballo no ámbito do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, que propoña un interventor técnico da empresa concesionaria. Este Comité Técnico na



Concello de Vigo

reunión de 4 de decembro de 2019 acordou propoñer como Interventor técnico da Empresa concesionaria ao Enxeñeiro/ Xefe de Vías e Obras, Jerónimo Centrón Castaños.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Designar como Interventor técnico da Empresa concesionaria ao Enxeñeiro/ Xefe de Vías e Obras, Jerónimo Centrón Castaños.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo AQUALIA-FCC VIGO.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos membros da Comité técnico de traballo no ámbito do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1094).- COMUNICACIÓN Á CONCESIONARIA DA INOPERABILIDADE DA PRÓRROGA TÁCITA PREVISTA NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE VIGO. EXPTE. 107/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/12/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 25 de outubro de 1990, adxudicou á U.T.E. "SERAGUA-FOCSA VIGO", hoxe denominada "AQUALIA-FCC VIGO", a concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

II.- O contrato foi formalizado en documento administrativo o día 8 de xaneiro de 1991, por un prazo de duración de vinte e cinco anos, a contar desde o 1 de xaneiro de 1991. Segundo a Cláusula 2A do Prego de cláusulas económico-administrativas particulares da concesión (en adiante PCEA) e a Cláusula Décima do Contrato "*a concesión poderá ser prorrogada tacitamente por períodos de cinco anos ata o máximo legal de cincuenta anos, salvo denuncia expresa por algunha das partes contratantes, notificada ao menos un ano antes do vencemento do prazo contractual ou de calquera das súas prorrogas*".

III.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21.11.2011 acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento

de Augas a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato. Esta prórroga finaliza o 31 de decembro de 2020.

IV.- O devandito Acordo adoptouse trala tramitación do correspondente expediente administrativo (Expte. 33-141). En concreto, consta neste expediente Informe emitido polo titular da Asesoría Xurídica, de data 9.11.2010; Informe do Interventor Xeral municipal, de data 25.11.2010; e Informes do Secretario Xeral do Pleno, de datas 22.10.2011 e 21.11.2011, sobre o réxime de prórrogas no contrato de concesión da xestión integral do Servizo público de Abastecemento e Saneamento de Auga.

No Informe emitido polo titular da Asesoría Xurídica, entre outras cuestións, se xustificou a inadmisibilidade de proceder a unha prórroga tácita nos termos establecidos no Prego e a necesidade de que a prórroga fora expresa, trala tramitación e aprobación do correspondente procedemento. En efecto, segundo se expón, se ben a prórroga tácita era admisible baixo a lexislación anterior, foi rexeitada trala entrada en vigor da Lei 53/1999, de 28 de decembro, que dá nova redacción ao artigo 67 da Lei 13/1995, de 18 de maio de Contratos das Administracións Públicas *“al resultar un contrasentido -segundo expón a Xunta Consultiva de Contratación- que un contrato celebrado con anterioridade a su entrada en vigor pudiese continuar produciendo sus efectos indefinidamente en virtud de prórrogas tácitas”* (Informes 24/04, 35/04, 47,04, 50/04 e 55/04)

Consta tamén no expediente escrito de aceptación presentado no Rexistro Xeral deste Concello, con data 21.11.2011 pola Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, que en resposta ao trámite de audiencia concedido pola Administración Municipal acepta a interpretación e condicións da prórroga expresa da concesión.

V.- Atendendo ao prazo restante para a finalización da prórroga vixente da concesión do servizo, o Concelleiro-delegado da Área Fomento con data 15 de marzo de 2018 resolveu constituír un Comité técnico de traballo no ámbito do servizo publico municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, para realizar as tarefas vinculadas ao proceso de finalización da concesión e coa finalidade de propor as actuacións concretas necesarias no ámbito do servizo público municipal de abastecemento e saneamento.

VI.- Por Resolución do Concelleiro-delegado da Área Fomento de data 14 de setembro de 2018 se ordenou o inicio do procedemento preparatorio para a liquidación do contrato de concesión para a xestión do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

VII.- O Comité Técnico de traballo no ámbito do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, na reunión de 4 de decembro de 2019, tras analizar os antecedentes expostos e as actuacións administrativas necesarias en relación coa duración da actual concesión de xestión integral da auga, plantexa a conveniencia de comunicar á concesionaria a inoperabilidade da prórroga tácita.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS



Concello de Vigo

PRIMEIRO.- Lexislación aplicable á concesión da xestión do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo

Tanto a adxudicación como a formalización do contrato de concesión que tratamos tiveron lugar baixo a vixencia da Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril (en adiante LCE) polo que, de acordo coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 13/1995, de 18 de maio, pola que se aproba a Lei de Contratos das Administracións Públicas; a Disposición Transitoria Única da Lei 53/1999, de 28 de decembro, que modifica a anterior; a Disposición Transitoria Primeira do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, que aproba o Texto Refundido da Lei de contratos; a Disposición Transitoria Primeira da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; a Disposición Transitoria Primeira do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido desta Lei; e a Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, a norma de aplicación a este contrato é a Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril.

SEGUNDO.- Regulación das prórrogas dos contratos de xestión dos servizos públicos

O Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que se aproba a Lei de Contratos do Estado e o Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais(en adiante, RSCL) establecen que a duración dos contratos de xestión dos servizos públicos non poderá ter carácter perpetuo ou indefinido, fixándose necesariamente a súa duración e as prórrogas de que poda ser obxecto, sen que en ningún caso poda exceder o prazo total, incluídas as prórrogas, de noventa e nove anos segundo o artigo 64 LCE e de cincuenta anos segundo o artigo 115 RSCL. Por tanto, a Administración contratante ao amparo desta regulación podía fixar no prego de cláusulas económico administrativas rector da concesión unha duración inferior para o contrato e prever unha ou varias prórrogas á duración do mesmo, na forma e polos prazos que estimara convinte, sempre sen superar o prazo máximo que, no caso que nos ocupa, é o de cincuenta anos fixado polo artigo 115 RSCL.

En base a esta normativa, a doutrina distinguía dous tipos de prórrogas: as previstas inicialmente ao outorgarse a concesión en forma de tácita recondución ou a petición dalgunha das partes e as extraordinarias; ás que resulta posible acudir cando o equilibrio económico resulta alterado.

De acordo con estas previsións, o Prego de cláusulas económico administrativas e o Contrato formalizado o día 8 de xaneiro de 1991 para a concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo fixaron un prazo de duración da concesión de vintecinco anos, a contar desde o 1 de xaneiro de 1991, prorrogable tácitamente por períodos de cinco anos ata o máximo legal de cincuenta anos, salvo denuncia expresa por algunha das partes contratantes, notificada ao menos un ano antes do vencemento do prazo contractual ou de calquera das súas prórrogas.

Segundo se expuso nos antecedentes, a Xunta de Goberno en sesión de data 21.11.2011 acordou declarar a prórroga expresa da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, por un período de 5 anos, contados a par-

tir do día seguinte ao do vencemento do contrato. En consecuencia o periodo de prórroga finaliza o 31 de decembro de 2020.

Este Acordo de prórroga se adopta de conformidade cos criterios da Xunta Consultiva de Contratación, que en reiterados dictámenes mantén que unha vez entrada en vigor a nova redacción do artigo 67 da Lei de Contratos das Administracións Públicas coa aprobación da Lei 53/1999, de 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administraciones Públicas, deben ser rechazadas as prórrogas tácitas.

Entre estes informes da Xunta Consultiva de Contratación, cabe destacar o Informe 24/04, de 7 de xuño, ratificado por Informes 35/04, 50/04 e 55/04 nos que se indica que *“resulta un contrasentido que un contrato celebrado con anterioridad a su entrada en vigor pudiese continuar produciendo sus efectos indefinidamente en virtud de prórrogas tácitas”*; o Informe 47/04, de 12 de novembro que engade que *“ la prórroga de un contrato es una renovación del mismo por un nuevo periodo, por lo que debe considerarse nuevo contrato, lo que impone que, al producirse durante la vigencia del actual artículo 67.1 de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas el consentimiento contractual de la prórroga implica haya de ser necesariamente expreso”*

Por tanto, segundo indica a Xunta Consultiva de Contratación en Informe 27/07, de 29 de outubro *“ a partir de la entrada en vigor de la Ley 53/1999, de 28 de diciembre, que da nueva redacción al artículo 67.1 de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas no son admisibles las prórrogas tácitas aun estando previstas en contratos anteriores a la indicada fecha”*

Tendo en conta a imposibilidade da prórroga do contrato pola tácita recondución para os contratos preexistentes á entrada en vigor da Lei 53/1999 polos motivos expostos, procede comunicar á concesionaria, coa mesma antelación que a que establece o prego de cláusulas do contrato para a denuncia da concesión, a inoperabilidade da prórroga tácita prevista no devandito prego de cláusulas; comunicación se efectúa con independencia de que de ser necesario, e ao amparo da normativa aplicable, se adopten os acordos necesarios para garantir a continuidade do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento.

Por todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Comunicar á concesionaria a inoperabilidade da prórroga tácita prevista no prego de cláusulas administrativas reitor da concesión administrativa da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, da que é titular a empresa AQUALIA-FCC VIGO

Segundo.- Notificar o presente acordo a empresa AQUALIA-FCC VIGO como concesionaria do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento, aos efectos oportunos.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos membros da Comité técnico de traballo no ámbito



Concello de Vigo

do servizo publico municipal de abastecemento de auga e saneamento

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1095).- PROXECTO DE CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO". EXPTE. 412/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 11/12/19 e o informe de fiscalización do 13/12/19, dáse conta do informe-proposta de data 12/12/19, asinado pola técnico de Admón. Xeral, o xefe Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos e o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 20.06.2017 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, tendo en conta as necesidades de humanización e de desenvolvemento urbano sostible detectadas polos servizos técnicos municipais procedeu á contratación da redacción do proxecto de humanización da rúa Ronda de Don Bosco, dende a rúa Progreso ata a rúa Velázquez Moreno e entre as rúas Eduardo Iglesias e o Paseo Granada a prol da empresa Pablo Menéndez, SLU (B27681682).

Segundo.- En data 19.11.19, o Concelleiro delegado de Fomento, resolveu iniciar expediente para a elaboración e aprobación por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, dun convenio para a execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO".

Terceiro.- Con data 26.11.19, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan ao Convenio estímense conformes ao interese público municipal. Ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo.

Cuarto.- Con data 11 de decembro de 2019 o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario e o Xefe de Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área emiten informe en relación sobre o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Quinto.- A Técnico de Administración Xeral emite informe xurídico concluíndo que non existe inconvinte legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio entre o Concello e a Diputación para a execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO".

FUNDAMENTOS

1.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (en adiante, TRRL)
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

II.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector Público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ó seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto do convenio é establecer e concretar o réxime de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo para o financiamento da execución do proxecto de obras de humanización da rúa Ronda de Don Bosco. En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras do Proxecto "Humanización da rúa Ronda don Bosco, redactado polo arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, cun investimento de novecentos mil euros (900.000 euros) no ano 2019; se ben se contempla a posibilidade do reaxuste da anualidade no caso de reaxuste do prazo de execución das obras.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: dotar os recursos necesarios para a financiación da execución do devandito Proxecto de obras ata unha contía máxima de seiscentos dezaseis mil novecentos oitenta e tres euros con cincuenta e un céntimos (616.983,51 euros); contratar as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, que resulten necesarias; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; executar, controlar e recibir as obras segundo o correspondente proxecto técnico; remitir, unha vez formalizado o contrato de obra, unha copia deste á Deputación Provincial, e comunicar a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente un representante da Deputación; xustificar perante a Deputación os investimentos realizados mediante a expedición das correspondentes certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello; comunicar á Deputación a data e hora en que terá lugar o acto de recepción das obras, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da institución provincial; dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que as obras obxecto do mesmo se levaron a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra; levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura viaria, asumindo a responsabilidade e comunicar á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade.

III.-Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

No orzamento do ano 2019, aprobado polo Pleno Municipal figura crédito adecuado e suficiente para a anualidade do ano 2019 na aplicación orzamentaria 1532.609.0004. Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra "b" da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO", transcrito como Anexo.

Segundo.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do citado convenio que se anexa.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo. Trátase dun gasto plurianual, coa seguinte distribución de anualidades para o Concello de Vigo: exercicio 2019- seiscentos mil euros (600.000 euros); exercicio 2020- dezaseis mil novecentos oitenta e tres euros con cincuenta e un céntimos (16,983,51 euros).

Para a súa financiación, aplicaranse os créditos do orzamento do ano 2019, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.609.0004. A anualidade do ano 2020 debe ser incorporada nos orzamentos do citado ano.

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO"

No Pazo Provincial, de novembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense



Concello de Vigo

reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto na zona rural como no casco urbano, pretende executar un proxecto para desenvolver a "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO", a cal contempla as seguintes actuacións:

- *Previa a retirada de mobiliario urbano, luminarias existentes, e bordos procederase á demolición de pavimentación, tanto na zona rodada como na zona peonil das beirarrúas. Unha vez efectuada a demolición executarase a escavación en gabias para a ubicación de conducións de saneamentos fecais e pluviais, así como abastecementos e canalización de instalacións segundo os diámetros e características indicados nos planos e memoria de cálculo, asentados sobre cama de area previa compactación do terreo. Posterior recheo de gabias con material inerte, compactación do mesmo.*
- *Como pavimentos proponse formigón de 20 cmt. de espesor como mínimo, sobre subbase de zahorra de uns 20 cm. de espesor, con acabados en zona de rodaxe con pavimento de formigón negro de 20 cm. de espesor con incrustación de pavimentos graníticos e nas zonas peoniles pavimento de granitos con espesores variables entre 10 e 15 cmt. e tonalidades segundo o proxecto.*
- *Na zona peonil da terraza sita no segundo tramo (entre as rúas Pracer e Enrique Blein) proponse a creación de graderíos configurados por muretes de cantería e pavimentos de acabado a base de pezas graníticas Negro Angola, previamente a elo efectuarase a cimentación necesaria para a xeneración de pérgolas de estrutura metálica e acabado na parte superior a base de pezas de madeira laminada ancoradas na estrutura. Desmontaxe e novo montaxe do elemento escultórico na propia praza que é existente.*
- *Posterior instalación de iluminación pública, renovación de redes existentes das instalacións, e mobiliario proposto, e sinalética de acordo as determinacións recollidas no proxecto.*

III.- Que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora á transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.

IV.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. O convenio que nos ocupa, pola súa contía, deberá ser remitido ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

V.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o disfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1.- É obxecto deste convenio, establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO".

2.- O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido no proxecto técnico aprobado pola na Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión do 29.11.2018, o cal concreta as actuacións a realizar, na Rúa Ronda de D. Bosco e afectando a dúas zoas; unha que abarca entre as rúas Progreso ata a rúa Velázquez Moreno, e outro tramo entre as rúas Pracer e Enrique Blein Budiño ata a rúa Eduardo Iglesias.

3.- Para o desenvolvemento do investimento proposto e de acordo co proxecto aprobado o orzamento de licitación ten un alcance de "UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS TRINTA E OITO EUROS con SETENTA E DOUS CÉNTIMOS" (1.852.238,72 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 321.462,92€.

Dito proxecto xa foi licitado polo Concello de Vigo e de acordo coa resolución da adxudicación da Xunta de Goberno Local de data 7 de novembro de 2019, o importe de adxudicación é de 1.516.983,51 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 263.278,13 euros.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de UN MILLÓN CINCOCENTOS DEZASEIS MIL NOVECIENTOS OITENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (1.516.983,51 euros), e serán distribuídos entre ambas administración de acordo cos seguintes importes:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos no obxecto deste convenio, a contía de NOVECIENTOS MIL EUROS (900.000,00 euros).

A financiación comprometida pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter definitiva consonte á táboa que se inxire a continuación:

Investimento	Exercicio 2019	Total
HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO	900.000,00€	900.000,00€

O pagamento do importe referido a anualidade 2019, que se realizará contra a aplicación 19/942.9420.762.14 destinada ao financiamento dos convenios cos concellos de Vigo e Pontevedra.

Pola súa banda, o Concello de Vigo obrígase a achegar a contía máxima de SEISCENTOS DEZASEIS MIL NOVECIENTOS OITENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (616.983,51 euros), desagregados da forma seguinte:

Investimento	Exercicio 2019	Exercicio 2020	Total
HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO	600.000,00€	16.983,51€	616.983,51€

A tal fin e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, o Concello de Vigo comprométese a dotar crédito na aplicación correspondente, que será a 1532.609.00.04. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello do ano 2020.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento pola partes asinantes terá lugar durante os anos 2019 e 2020, nos importes que deseguido se indican:

	2019	2020	Total
Deputación de Pontevedra	900.000,00€	0,00€	900.000,00€
Concello de Vigo	600.000,00€	16.983,51€	616.983,51€
TOTAL CONVENIO	1.500.000,00€	16.983,51€	1.516.983,51€

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2.- O Proxecto aprobado polo Concello de Vigo se achega o presente convenio, establecendo o ámbito de actuación do convenio, e así mesmo acreditará ante a Deputación Provincial o desenvolvemento de licitación e adxudicación realizado.

3.- Formalizado o contrato de obra para a execución do investimento ao que se refire o pacto primeiro, remitirase copia do mesmo á Deputación Provincial e comunicarse a esta, data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

4.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, ao remate da obra, o acto de recepción desta, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

5.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

6.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución da obra obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción da obra contemplada no proxecto técnico e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución do investimento, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:



Concello de Vigo

1. *Contrato de adxudicación da obra.*
2. *Acta de comprobación do replanteo.*
3. *Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.*
4. *Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.*
5. *Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.*
6. *Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.*
7. *Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.*
8. *Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.*
9. *Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTOS

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base a contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio.

Así mesmo, calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento da obra, por causas imprevistas, que obrigue a unha modificación do proxecto derivada das necesidades de execución do proxecto contratado será asumida en relación ás obrigas de financiación polo Concello de Vigo, do cal dará conta a comisión de seguimento.

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente e sempre dentro dos importes máximos a aportar por cada administración deberá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, previo informe e proposta da comisión de seguimento.

Se finalmente, o proxecto ten un custo inferior ao indicado na adxudicación do contrato, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- a) *Financiar os compromisos adquiridos para a financiación desta obra de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista no proxecto técnico.*
- b) *Executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.*
- c) *Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.*
- d) *Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- e) *Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- f) *Levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura viaria, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.*
- g) *Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.*
- h) *Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- i) *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- *Financiar a realización da obra de acordo os compromisos adquiridos para a financiación de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden os 600.000,00 euros.*

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.



Concello de Vigo

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

NOVENO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.*
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.*
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*
- A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.*
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.*

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos a que o mesmo se refire, fixándose en todo caso un prazo de límite de execución de catro anos, contados desde a súa sinatura.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes asinantes, no caso de que non se rematasen as obras obxecto do mesmo.

DÉCIMO PRIMEIRO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.*
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO SEGUNDO.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a



Concello de Vigo

través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

15(1096).- PROPOSTA PARA A APERTURA DO TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA PARA TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVICIO MUNICIPAL DE AUGA DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 432/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 16/12/19, asinado pola técnico de Admón. Xeral, o xefe Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 25 de outubro de 1990, adjudicou á U.T.E. "SERAGUA-FOCSA VIGO", hoxe denominada "AQUALIA-FCC VIGO", a concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

II.- O contrato foi formalizado en documento administrativo o día 8 de xaneiro de 1991, por un prazo de duración de vintecinco anos, a contar desde o 1 de xaneiro de 1991, prorrogable tacitamente por períodos de cinco anos, ata o máximo legal de cincuenta anos, salvo denuncia expresa por algunha das partes contratantes, notificada ao menos un ano antes do vencemento do prazo contractual ou de calquera das súas prórrogas.

III.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 27 de xaneiro de 1993 aprobou o vixente Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo (BOP 10.02.1993). Texto Refundido publicado no BOP de 16.12.1993.

IV.- Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 21 de novembro de 2011 se declarou a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato, que finaliza o 31 decembro de 2020.

V.- Por Resolución do Concelleiro-delegado da Área Fomento de data 15 de marzo de 2018 constituíuse un Comité técnico de traballo no ámbito do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, para realizar as tarefas vinculadas ao proceso de finalización da concesión e coa finalidade de propor as actuacións concretas necesarias no ámbito do servizo público municipal de abastecemento e saneamento.

VI.- Por Resolución do Concelleiro-delegado da Área Fomento de data 14 de setembro de 2018 se ordenou o inicio do procedemento preparatorio para a liquidación do contrato de

concesión para a xestión do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 284.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se trasponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014(en adiante LCSP), en relación ao contrato de concesión de servizos, e o artigo 312 da mesma Lei, en relación cos contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía, establecen que antes de proceder á contratación dunha concesión, nos casos en que se trate de servizos públicos ou duns servizos, que conleven prestacións directas a favor da cidadanía *“deberá haberse establecido o seu réxime xurídico, que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia da mesma, determine o alcance das prestacións en favor dos administrados, e regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo.”*

Esta regulación pon de manifesto a necesidade de redacción, tramitación e aprobación dun novo regulamento do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo con carácter previo á nova contratación.

Segundo.- O artigo 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 de la Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, atribúen expresamente a potestade regulamentaria aos municipios. Pola súa parte, o artigo 128 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP) recoñece a potestad regulamentaria dos órganos de gobernos locais.

Tercero.- En relación coa tramitación dos anteproxectos de lei ou de regulamento debe considerarse o disposto na LPACAP que regula no seu artigo 133 *“Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos”*. En concreto, no seu apartado 1º dispón:

“Con carácter previo á elaboración do proxecto o anteproxecto de lei o de regulamento, se sustanciará unha consulta pública, a través do portal WEB da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.*
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.*
- c) Os obxectivos da norma.*
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.”*



Concello de Vigo

Cuarto.- Polo exposto e conforme á Resolución de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019, pola que as competencias en materia do ciclo integral da auga corresponden á Concellería Delegada de Fomento e Servizos, formulase á Xunta de Goberno local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da LPACAP, para a redacción, tramitación e aprobación do novo regulamento do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento da cidade de Vigo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo 1 do presente acordo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a posta en marcha do trámite de consulta a través da sede electrónica municipal.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos membros da Comité técnico de traballo no ámbito do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, e dar publicidade do mesmo a través da Intranet municipal, sede electrónica e Portal de Transparencia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I CONSULTA PÚBLICA

Antecedentes

En cumprimento do artigo 133.1. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con carácter previo á elaboración do proxecto de regulamento do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento da cidade de Vigo, substánciase consulta pública a través do portal web deste Concello para solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma acerca dos apartados seguintes.

A) Problemas que se pretenden solucionar coa norma

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25.2 c) que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, as seguintes "Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais", e no seu artigo 26.1 dispón que os municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes: "En todos os municipios: abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiro". O obxecto da presente iniciativa normativa é a regulación das novas condicións nas que se realizará a prestación do servizo público de abastecemento de auga e saneamento no termo municipal de Vigo, con especial referencia ás prescricións a que haberán de someterse nesta materia os abonados actuais e futuros. En consecuencia regulareñse os aspectos de

carácter xurídico, económico e administrativo relativos a prestación do servizo coa finalidade de que o mesmo se preste en condicións de igualdade e seguridade.

B) Necesidade e oportunidade da súa aprobación

Os artigos 284.2 e 312 da LCSP establecen que antes de proceder á contratación dunha concesión, nos casos en que se trate de servizos públicos ou de servizos, que conleven prestacións directas a favor da cidadanía, deberá terse regulado o seu réxime xurídico, que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia da mesma, determine o alcance das prestacións en favor dos administrados, e regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo.

C) Obxectivos da norma

Os obxectivos da presente iniciativa normativa son os seguintes:

- Regular as as relacións entre o Concello, o Ente Xestor do servizo e os Abonados do mesmo, sinalando os dereitos e obrigacións básicas para cada unha das partes.*
- Protexer a saúde e a calidade ambiental e sanitaria das augas do termo municipal eliminando calquera efecto tóxico, tanto para o home como para os seus recursos naturais e conseguir os obxectivos de calidade asignados.*

D) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

Non hai alternativa regulatoria nin non regulatoria, debido a obrigatoriedade de regulación do servizo, establecida nos artigos 284 e 312 da LCSP.

16(1097).- PROPOSTA DE REXEITAMENTO DO REQUIRIMENTO REALIZADO POR PARTE DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO DE CUMPRIMENTO DA ENTREGA DOS ESPAZOS COMPRENDIDOS NO ÁMBITO DE ACTUACIÓN “ABRIR VIGO AO MAR”. EXPTE. 6106/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/12/19, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data 2 de maio de 2019 (Rexistro entrada número 190064459) tivo entrada nesta Administración municipal escrito do Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, no que manifesta que «Tras la realización de una inspección visual se sigue observando que el paseo de As Avenidas se encuentra en un mal estado en su conjunto como consecuencia de un deficiente mantenimiento. Además, respecto de la zona del paseo pilotado no colapsada se determina, de manera preliminar y de nuevo tras una simple visual, que el mismo está en un estado deficiente de conservación y por tanto no se recomienda su apertura al uso público, por lo que la Autoridad Portuaria lo mantiene vallado por motivos de seguridad» e que «También se observan deficiencias de conservación en la Plaza da



Concello de Vigo

Estrela», polo que «Se recuerda que la obligación de dicho mantenimiento y conservación recae en el Concello de Vigo, atendiendo a la Cláusula Sexta del convenio, suscrito en fecha 2 de noviembre de 1992 entre el Municipio de Vigo, la Autoridad Portuaria de Vigo y el Consorcio de la Zona Franca de Vigo para el desarrollo de la actuación conocida como "Abrir Vigo al Mar"» e «se insta a esa Administración a la reparación y conservación de la zona en un estado adecuado para su uso».

O escrito conclúe sinalando que *«Por outra parte, de conformidade con la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de régimen jurídico del Sector Público, se deberá proceder a la adaptación de dicho convenio antes de octubre de 2019, o bien a su modificación, o resolución de mutuo acuerdo y suscripción de un nuevo convenio».*

II.- Con data de 8 maio seguinte recibíuse no Concello novo escrito do Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo no que, tras sinalar que *«Es innegable que existen discrepancias entre ese Concello y esta Autoridad Portuaria sobre al alcance que el concepto "mantenimiento" atribuye a este Concello, dentro del Convenio "Abrir Vigo al Mar"»* e que *«no conviene mantener una disputa sin fin sobre este asunto (...)»* manifesta que *«Con ánimo de dar un paso definitivo a la solución de esta disputa, con fecha 2 de abril hemos dirigido a nuestra Asesoría Jurídica consulta sobre el asunto, mediante nota que se adjunta a este escrito»* e que *«Con fecha 17 de abril (...) se recibió contestación (...) de la Abogacía del Estado en Pontevedra (que) da la razón a la interpretación hecha por esta Autoridad Portuaria».*

A vista deste informe da Abogacía do Estado, que achega ao seu escrito, a Autoridade Portuaria de Vigo, e a fin de resolver definitivamente esta cuestión, insta so Concello de Vigo **«una contestación, en el sentido de aceptación de la obligación de ese Concello de hacerse cargo de la totalidad del mantenimiento integral de la zona abarcada por el Convenio "Abrir Vigo al Mar" sin restricción alguna, en el sentido que indica la nota de la Abogacía del Estado en Pontevedra».**

E *«Dado el lastimoso estado en el que se encuentra el paseo de las Avenidas, concretamente en el tramo del paseo en madera que transcurre desde el Náutico hasta la zona dañada por el accidente de O Marisquiño, y dado que próximamente se celebrarán los eventos de Vigo Seafest y de nuevo O Marisquiño»* insta á Administración municipal a proceder á reparación de toda esa zona debendo comenzar as obras no prazo dun mes, coa advertencia de que noutro caso recorrerán ás vías xudiciais oportunas para solucionar este conflito.

III.- Esta Administración municipal con fundamento nas consideracións que figuran no acordo da Xunta de Goberno Local, de 30 de maio de 2019, resolveu:

«PRIMEIRO.- Rexeitar a interpretación que a Autoridade Portuaria de Vigo fai da obriga asumida polo Concello de Vigo, no convenio de colaboración, de 2 de novembro de 1992, coñecido como "Abrir Vigo ao Mar", asinado polo Concello de Vigo, a entón Xunta de Obras do Porto e Ría de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, conforme a cal é «obligación de ese Concello de hacerse cargo de la totalidad del mantenimiento integral de la zona abarcada por el Convenio "Abrir Vigo al Mar" sin restricción alguna, en el sentido que indica la nota de la Abogacía del Estado en Pontevedra».

SEGUNDO.- Contestar á Autoridade Portuaria de Vigo, en resposta ao seu requirimento de aceptación da anterior interpretación, que esta Administración municipal considera que os termos do Convenio son claros e debe estarse ao sentido literal das súas cláusulas, conforme ás cales o Concello de Vigo, no Convenio “Abrir Vigo ao Mar” asumiu a obriga de emendar os menoscabos que se produzan, no tempo, nas obras realizadas en execución do Convenio, polo natural uso das mesmas; uso das obras que no Convenio, e nas zonas a que os escritos da Autoridade Portuaria de Vigo se refire, se prevía de tránsito peonil.

En ningún caso pode entenderse que, a virtude do Convenio, o Concello de Vigo asumiu a obriga de vixiar, manter e conservar ademais das superficies urbanizadas e elementos instalados como resultado das obras realizadas en execución do Convenio, e destinadas ao tránsito peonil, as estruturas dos molles que soportan estas obras do Convenio, isto é vixiar, manter e conservar os elementos estruturais dos mesmos molles: os bloques do cantil, o extradós e o trasdós do cantil, a banquetta e cimentación do molle, o recheo de todo o peirao e, incluso, vixiar o calado dos cantís e realizar nas dársenas delimitadas por estes os dragados necesarios para manter os ditos calados.

TERCEIRO.- Rexeitar, daquela, os requirimentos de execución de obras dirixidos pola Autoridade Portuaria de Vigo a esta Administración municipal, nos escritos referidos nos antecedentes deste acordo, e reconvir a Autoridade Portuaria de Vigo e requirila para que, no prazo do mes considerado pertinente por esta, proceda a realizar as obras cuxa execución indebidamente reclama do Concello de Vigo, excepción feita das obras de mantemento e conservación na Praza da Estrela pendentes de executar polo Concello de Vigo, a que se refire o informe técnico transcrito nos antecedentes do presente acordo.

CUARTO.- Advertir a Autoridade Portuaria de Vigo, que en aplicación do artigo 51.2.c) LRXS, no caso incumprimento do anterior requirimento o Concello de Vigo notificará ás partes asinantes do Convenio a concorrencia de causa de resolución e se entenderá resolto o Convenio.

QUINTO.- Solicitar da Autoridade Portuaria o sinalamento de data, hora e lugar para a reanudación das reunións iniciadas coas partes asinantes do convenio “Abrir Vigo ao Mar” e os posteriores asinados en desenvolvemento deste, para proceder á adaptación destes ás prescricións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público».

IV.- Notificado este acordo municipal á Autoridade Portuaria de Vigo, o seu Presidente resolveu interpoñer contra o mesmo recurso contencioso-administrativo. O recurso contencioso-administrativo contra o acordo da Xunta de Goberno Local arriba transcrito foi interposto polo Abogado do Estado mediante escrito de data 12 de xuño de 2019 e foi turnado ao Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 dos de Vigo, que o admitiu a trámite por Decreto de 14 de xuño de 2019, co número 211/2019 de procedemento ordinario; Porén, o Abogado do Estado non formulou a demanda no prazo concedido ao efecto e o dito Xulgado, por auto núm. 81/2019, de 17 de setembro de 2019, declarou caducado o recurso contencioso-administrativo e acordou a terminación do procedemento e o seu arquivo.



Concello de Vigo

V.- A caducidade do recurso contencioso-administrativo interposto pola Autoridade Portuaria de Vigo determinou que o dito acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de 30 de maio de 2019, devira firme e consentido para a Autoridade Portuaria de Vigo.

VI.- Con data de 26 de setembro de 2019 a Autoridade Portuaria de Vigo, remitiu a esta Administración municipal resolución do seu presidente, de data 25 de setembro de 2019, no que esta afirma que o Concello de Vigo «ha vulnerado las obligaciones que le imponía dicho instrumento —o convenio de referencia— en lo concerniente, en particular, al mantenimiento del ámbito de actuación concernido por el mismo en perfectas condiciones de uso» e resolve «Declarar la concurrencia de causa de resolución del convenio de colaboración suscrito el 2 de noviembre de 1992, entre la Autoridad Portuaria de Vigo, el Consorcio de la Zona Franca de Vigo y el Ayuntamiento de Vigo, denominado "Abrir Vigo al Mar", de conformidad con lo establecido en el artículo 51.2.c), de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público».

VII.- Á vista das consideracións de feito e de dereito consignadas no acordo de 30 de maio de 2019 e da firmeza e consentimento deste pola Autoridade Portuaria de Vigo, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 17 de outubro de 2019, acordou: «Rexeitar a declaración de resolución do convenio de colaboración, coñecido como "Abrir Vigo ao Mar", asinado polo Concello de Vigo, a entón Xunta de Obras do Porto e Ría de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, con data 2 de novembro de 1992, declarada polo Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, por incumprimento, imputable ao Concello de Vigo das obrigas asumidas por este a virtude do convenio, e, daquela, requirir a Autoridade Portuaria de Vigo para que proceda a anulación da dita resolución», así como «Declarar, en aplicación do artigo 51.2.c) LRXSP a resolución do convenio de colaboración, coñecido como "Abrir Vigo ao Mar", asinado polo Concello de Vigo, a entón Xunta de Obras do Porto e Ría de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, con data 2 de novembro de 1992, por incumprimento por parte da Autoridade Portuaria de Vigo, do requirimento municipal de execución, no prazo dun mes, das obras cuxa execución indebidamente reclamou do Concello de Vigo a Autoridade Portuaria de Vigo nos escritos referidos na parte expositiva do presente acordo, excepción feita das obras de mantemento e conservación na Praza da Estrela pendentes de executar polo Concello de Vigo, a que se refire o informe técnico transcrito nos antecedentes do presente acordo».

VIII.- En escrito de 19 de novembro de 2019, a Autoridade Portuaria de Vigo se dirixe, de novo, ao Concello de Vigo manifestando que: (i) de acordo coa disposición adicional oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, todos os convenios que non se adaptan á dita Lei antes de outubro de 2019 se entenderán finalizados automaticamente; (ii) que mediante o escrito de 26 de setembro, arriba referido, e antes de outubro de 2019, a Autoridade Portuaria de Vigo notificou ao Concello de Vigo a resolución do convenio por causa imputable á Administración municipal (iii) que en data 4 de novembro de 2019, notificouse á Autoridade Portuaria de Vigo o acordo da Xunta de Goberno Local de 17/10/2019, no que se denega a concurrencia de causa de resolución do convenio por causa imputable ao Concello de Vigo, se require á Autoridade Portuaria de Vigo para que proceda á anulación de dicha resolución e se declara a resolución do convenio por incumplimento por parte da Autoridade Portuaria de Vigo, do requirimento municipal de execución de obras, arriba referido; (iv) que a Autoridad Portuaria se reitera, en que de acordo co previsto na cláusula VI do convenio "Abrir Vigo al mar", no escrito de entrega das

obras de data 7 de xullo de 1998, e a acta de entrega das mesmas obras de data 14 de maio de 2003, o mantemento de toda a actuación "Abrir Vigo ao mar" en perfecto estado de conservación corresponde ao Concello e que este o admitiu sen ningunha dúbida coa firma dos ditos documentos; (v) que tamén o Concello de Vigo asumiu claramente e sen limitacións o mantemento de todo o ámbito de actuación do nos escritos de contestación de trámites de audiencia por reclamacións patrimoniais, de datas comprendidas entre o ano 2012 e o 2018; (vi) que á vista do anterior a Autoridade Portuaria de Vigo ha contratado coa mercantil Zubia Ingenieros un estudo sobre as condicións en que se atopan os espazos do ámbito de actuación do convenio e as actuacións necesarias para a entrega en perfectas condicións dos ditos espazos e o custe dos mesmos, do que achegan copia.

E tras transcribir o texto do artigo 44.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo, sobre a improcedencia de recursos administrativos entre Administracións públicas, pero si de requirimentos previos para obter a derogación da disposición, anulación ou revocación de acto, cesación ou modificación de actuación material, ou iniciación da actividade a que estivera obrigado, a Autoridade Portuaria de Vigo «de acordo con la resolución de esta Presidencia, notificada el 26 de septiembre de 2019, se efectúa, a ese Ayuntamiento de Vigo, el REQUERIMIENTO PREVIO para que proceda a realizar las obras necesarias para la entrega de los espacios recogidos en el ámbito de la actuación "Abrir vigo al Mar" en perfecto estado de conservación, como así se hallaban en el momento de la entrega o procedan al abono de la cantidad resultante del presupuesto que se adjunta».

CONSIDERACIÓN DE DEREITO

Primeiro.- O requirimento que a Autoridade Portuaria de Vigo fai a esta Administración municipal debe ser rexeitado, tanto polas razóns expresadas nos distintos acordos municipais, referidos nos antecedentes do presente informe proposta e notificados a autoridade Portuaria, como polo feito de que o acordo municipal de 30 de maio de 2019, no que este Concello de Vigo rexeitou a interpretación que do convenio «Abrir Vigo ao Mar» realiza a Autoridade Portuaria de Vigo; se declara polo Concello de Vigo a interpretación procedente do dito convenio, canto as obrigas que para a Administración municipal derivan do mesmo; se rexeita o requirimento de execución de obras dirixido pola Autoridade Portuaria de Vigo ao Concello de Vigo e se reconven a Autoridade Portuaria para que execute as obras que indebidamente reclama da Administración municipal, é un acto firme e consentido pola Autoridade Portuaria de Vigo e como consecuencia de tal firmeza e consentimento a Autoridade Portuaria de Vigo ten de estar, pasar e aterse a él, porque —temos que recordar— o Presidente da Autoridade Portuaria resolveu interpoñer contra o devandito acordo municipal de 30 de maio de 2019 recurso contencioso-administrativo, que foi interposto polo Abogado do Estado mediante escrito de data 12 de xuño de 2019 e foi turnado ao Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 dos de Vigo, que o admitiu a trámite por Decreto de 14 de xuño de 2019, co número 211/2019 de procedemento ordinario; porén, que o Abogado do Estado —entendemos que seguindo instrucións da Presidencia da Autoridade Portuaria de Vigo— non formulou a demanda no prazo concedido ao efecto e o dito Xulgado, por auto núm. 81/2019, de 17 de setembro de 2019, declarou caducado o recurso contencioso-administrativo e acordou a terminación do procedemento e o seu arquivo.



Concello de Vigo

Segundo.- Daquela, a resolución do convenio «Abrir Vigo ao Mar» imputable ao Concello de Vigo, polo pretendido incumprimento municipal das obrigas asumidas polo Concello de Vigo no convenio, declarada pola Presidencia da Autoridade Portuaria, en resolución de 25 de setembro de 2019, é nula. E é nula tanto polas consideracións de feito e de dereito consignadas no acordo de 30 de maio de 2019, como porque o dito acordo municipal de 30 de maio de 2019 foi consentido pola Autoridade Portuaria é deveu firme.

Por estas razóns, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 17 de outubro de 2019, acordou, rexeitar a declaración de resolución do convenio «Abrir Vigo ao Mar» declarada polo Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, por incumprimento, imputable ao Concello de Vigo das obrigas asumidas por este a virtude do convenio, e requirir a Autoridade Portuaria de Vigo para que proceda a anulación da dita resolución, así como declarar a resolución do convenio, por incumprimento por parte da Autoridade Portuaria de Vigo, do requirimento municipal de execución, no prazo dun mes, das obras cuxa execución indebidamente reclamou do Concello de Vigo a Autoridade Portuaria de Vigo.

Terceiro.- O último escrito, de 19 de setembro, da Autoridade Portuaria de Vigo insiste na interpretación que fai do alcance das obrigas do Concello de Vigo canto a conservación da actuación «Abrir Vigo ao Mar» e ven, implicitamente, a rexeitar o requirimento municipal de anulación da resolución da Presidencia da Autoridade Portuaria de Vigo, de 25 de setembro de 2019, que declara a resolución do convenio por incumprimento municipal das obrigas asumidas neste.

Esta Administración municipal, que rexeitou a resolución do convenio declarada o 25 de setembro de 2019 pola Autoridade Portuaria polo pretendido incumprimento municipal e requiriu a esta para anulase tal declaración, ante a desatención deste requirimento, non pode consentir en dita resolución e, por razóns de cautela procesual, debe interpor recurso contencioso administrativo contra a mesma.

Cuarto.- As razóns que vimos de indicar —as consideracións de feito e de dereito consignadas no acordo municipal de 30 de maio de 2019 e o consentimento deste acordo pola Autoridade Portuaria que determinou a súa firmeza— xunto co feito de que este último requirimento previo da Autoridade Portuaria de execución de obras é reprodución do primeiro de datas 2 e 8 de maio de 2019, —se ben engadindo unha obriga facultativa—, que foi rexeitado polo Concello de Vigo e —repetimos— consentido tal rexeitamento pola Autoridade Portuaria, determina necesariamente que o mesmo deba tamén ser rexeitado.

Quinto.- Polo demais, non cabe compartir a afirmación que realiza a Presidencia da Autoridade Portuaria de que todos os convenios que non se adapten á Lei de Réxime Xurídico do Sector Público antes de outubro de 2019 quedarán automaticamente extinguidos á dita data, nin se albisca tampouco que consecuencias xurídicas pretende extraer a Autoridade Portuaria de tal afirmación en relación ao Convenio «Abrir Vigo ao Mar».

Canto ao primeiro, porque a disposición adicional oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non establece esa consecuencia para adaptación tardía —transcorrido o dito prazo de tres anos— dos convenios vixentes á data á entrada en vigor da citada Lei e porque o parágrafo segundo do número 1 da dita disposición adicional dispón a adaptación automática en canto ao prazo de duración de tales convenios cando

estes non teñan sinalado prazo de vixencia ou tendo sinalado prazo, tiveran establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor da Lei. Nestes casos o prazo de vixencia será de catro anos a contar da data de entrada en vigor da Lei; prazo que concluiría o 2 de outubro de 2020.

De aquí, que os convenios sen prazo de vixencia ou en prórroga tácita indefinida á entrada en vigor da Lei 40/2015 prolonguen automaticamente a súa vixencia ata o 1 de outubro de 2020 aínda que non se adapten á dita Lei no prazo de tres anos disposto no apartado primeiro da disposición adicional. A disposición adicional de que tratamos establece para os citados convenios sen prazo de vixencia ou en prórroga tácita indefinida á entrada en vigor da Lei 40/2015 un réxime máis severo, en canto ao prazo de vixencia, que para os que teñan sinalada un prazo determinado polo que non cabe facer a interpretación que o Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo sostén, canto ao remate da vixencia do convenio «Abrir Vigo ao mar» que nin a disposición adicional establece expresamente nin se compadece coa interpretación sistemática da mesma.

Porén, tampouco se albisca —repetimos— que consecuencias xurídicas pretende extraer a Autoridade Portuaria de tal afirmación en relación ao Convenio «Abrir Vigo ao Mar», porque aínda que o convenio se tivera extinguido en outubro de 2019, o carácter de acto firme e consentido pola Autoridade Portuaria do acordo municipal de 30 de maio de 2019 e as razóns que nel se expoñen rexeitando a interpretación do convenio realizada pola Autoridade Portuaria, fixando a interpretación do Concello de Vigo en relación coas súas obrigas no convenio e rexeitando o requirimento de obras realizado pola primeira á Administración municipal determinarían as mesmas consecuencias que provoca a resolución do convenio por causa imputable á Autoridade Portuaria de Vigo, declarada pola Xunta de Goberno Local do Concello, por acordo de 17 de outubro de 2019; acto que —insistimos— foi adoptado en tempo hábil, é axustado a dereito e é definitivo.

Sexto.- Con todo, sendo definitivo en vía administrativa o acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de outubro de 2019, polo que se declara a resolución do convenio, por incumprimento por parte da Autoridade Portuaria de Vigo, do requirimento municipal de execución das obras cuxa realización indebidamente reclamou esta do Concello de Vigo, procede, sen embargo, poñer a disposición da Autoridade Portuaria e facer entrega á mesma da posesión, detentada por esta Administración municipal a efectos da súa conservación, mantemento e limpeza, das obras e superficies urbanizadas en execución do convenio e do mobiliario urbano existente nas mesmas, para o que a notificación do acordo que aquí se propón é medio hábil.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Rexeitar o requirimento previo dirixido pola Autoridade Portuaria de Vigo ao Concello de Vigo, en escrito de 19 de setembro de 2019 polo que «de acordo con la resolución de esta Presidencia, notificada el 26 de septiembre de 2019, se efectúa, a ese Ayuntamiento de Vigo, el REQUERIMIENTO PREVIO para que proceda a realizar las obras necesarias para la entrega de los espacios recogidos en el ámbito de la actuación “Abrir vigo al Mar” en perfecto estado de conservación, como así se hallaban en el momento de la entrega o procedan al abono de la cantidad resultante del presupuesto que se adjunta».



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Considerar rexeitado no devandito escrito da Autoridade Portuaria de Vigo, de 19 de setembro de 2019, o requirimento previo dirixido a esta pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, mediante acordo de 17 de outubro de 2019, notificado a Autoridade Portuaria de Vigo o 4 de novembro seguinte e, daquela, ante a rexeitamento de tal requirimento previo, interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución da autoridade Portuaria de 25 de setembro de 2019, pola que se procede a «Declarar la concurrencia de causa de resolución —que se imputa ao Concello de Vigo— del convenio de colaboración suscrito el 2 de noviembre de 1992, entre la Autoridad Portuaria de Vigo, el Consorcio de la Zona Franca de Vigo y el Ayuntamiento de Vigo, denominado "Abrir Vigo al Mar", de conformidad con lo establecido en el artículo 51.2.c), de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público».

TERCEIRO.- Poñer a disposición da Autoridade Portuaria e facer entrega á mesma da posesión, detentada por esta Administración municipal aos efectos da súa conservación, mantemento e limpeza, das obras executadas e das superficies urbanizadas en execución do convenio «Abrir vigo ao Mar» e do mobiliario urbano existente nas mesmas; posta a disposición que se producirá coa notificación do presente acordo.

CUARTO.- Notifíquese o presente acordo a Autoridade Portuaria de Vigo e ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, con indicación de que o acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 10.g LRJCA), no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á data da súa notificación, sen prexuízo da formulación do requirimento previo, previsto no artigo 44 LRJCA, e, no seu caso, de calquera outro recurso que consideren procedente.

QUINTO.- Dese conta, tamén, deste acordo aos distintos servizos municipais que veñan realizando actividades ou prestando servizos en virtude das obrigas asumidas polo Concello de Vigo no convenio «Abrir Vigo ao Mar» a fin de que polos mesmos se realicen as actuacións que procedan á vista da resolución definitiva en vía administrativa do dito convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1098).- REVISIÓN DAS TARIFAS DE TAXI DA CIDADE DE VIGO PARA O ANO 2020. EXPTE. 2808/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 11/12/19, dáse conta do informe-proposta do 10/12/19, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I)TARIFAS VIXENTES

As tarifas de taxi da cidade de Vigo, aprobadas por Resolución da Directora Xeral de Comercio da Xunta de Galicia de data 6 de marzo de 2019, son as seguintes:

TARIFA 1(días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Concepto	Euros
Tarifa mínima (1.700 metros e/ou 294,69 segundos)	3,70
Qm. percorrido	0,99
Hora de espera	20,56
Suplemento aeroporto	4,57
Suplemento lfevi	3,19
Maletas e vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas)	0,58

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Concepto	Euros
Tarifa mínima (1100 metros e/ou 194,64 segundos)	3,90
Qm. percorrido	1,10
Hora de espera	22,38
Suplemento aeroporto	4,57
Suplemento lfevi	3,19
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas)	0,58

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro(dende as 00.00 ata as 10.00): 2.28€
Suplemento por persoa a partir da quinta praza : 0,53 €

II) PROPOSTA CONTIDA NA SOLICITUDE PRESENTADA

En data 17 de outubro de 2019, D. Manuel Choren Souto, como Presidente da Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra, presenta solicitude de revisión de tarifas para o ano 2020 co seguinte contido :

TARIFA 1: (Días laborables de 6.00 h a 22.00 h)

Tarifa mínima	3,75 €
Qm. percorrido.....	1,00 €
Hora de espera.....	20,87 €
Suplemento aeroporto.....	4,63 €
Suplemento lfevi.....	3.23 €
Bultos.....	0,59 €



Concello de Vigo

TARIFA 2:(Servizos nocturnos Domingos e festivos; 24 e 31 de decembro; sábados, e servizos nocturnos de 22.00 h a 6.00 h)

Tarifa mínima.....	3,95 €
Qm. percorrido.....	1,12 €
Hora de espera.....	22,73 €
Suplemento aeroporto.....	4,63 €
Suplemento lfevi.....	3,23 €
Bultos.....	0,59 €

25 de decembro e 1 de xaneiro dende as 00.00 até as 10.00 suplemento sobre o que marque o taxímetro2,31 €.

Suplemento por persoa a partir da quinta praza 0,54 €

A solicitude formulada segundo describen supón unha subida da tarifa dun 1,5% e que a fin de axustar de contía mínima propoñen un importe exacto solicitando que a citada contía mínima da tarifa 2 sexa de 3,95, en vez de 3,96 que resultaría, asumindo a citada perda.

Manifestan que a modificación proposta da tarifa non reflicte a verdadeira situación do sector durante esta último ano, pero alomenos intentaría paliar no posible o prexuízo ocasionado.

Citan outros factores que xustificarian o incremento solicitado, como o déficit tarifario en relación con outras cidades galegas, o exceso no numero de licenzas, o intrusismo no sector, as licenzas VTC etc.

III) INFORME SERVIZO

Examinado o contido da proposta formulada informase o seguinte :

O IPC que propoñen aplicar para a revisión das tarifas vixentes, a Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e a Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra é dun 1,5 %, porcentaxe que se corresponde co IPC dos servizos de transporte da Comunidade Autónoma Galega interanual de setembro a setembro, IPC aplicado nas últimas revisións tarifarias de conformidade cos criterios aprobados pola Xunta de Goberno Local e o Consello Sectorial de Transportes e recollido na Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo.

Na proposta formulada inclúese o redondeo da contía mínima da Tarifa 2, nun céntimo menos, e evitar así a utilización de céntimos e facer máis sinxelo o cobro ós usuarios.

Así mesmo detectase que aplicando o incremento do 1,5% as vixentes tarifas, a contía correspondente a hora de espera na tarifa 2 sería 22,72 € e a correspondente ao suplemento a lfevi sería 3,24 €.

Na Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo aprobada por acordo plenario de data 9 de febreiro de 2015 e modificada por acordo plenario de data 5 de setembro de 2018, no Título VII “ Réxime Económico” artigo 42 se establece que:

“ a prestación do servizo de taxi estará suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitiran unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial “

“ as tarifas poderán ser revisadas periodicamente o de maneira excepcional cando se producise unha variación dos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade “

“ e engade, en tanto non se fixe pola Xunta de Galicia unha estrutura harmonizada das tarifas, a revisión das mesmas continuara realizándose coa aplicación do IPC do servizo de transporte da Comunidade Autónoma Galega “

Na proposta formulada pola Sociedad Cooperativa Gallega de Auto-taxis y Gran turismo de Vigo y provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos del Taxi de Pontevedra, o incremento que propoñen aplicar para a revisión das tarifas vixentes é dun 1,5 %, porcentaxe que se corresponde co IPC do servizo de Transportes da Comunidade Autónoma.

Polo exposto considerase que de conformidade co disposto artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo e no artigo 46 nº 1 do vixente Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia, pode propoñerse a revisión das tarifas de taxi para o ano 2020 aplicándose un incremento de 1,5%.

IV) TRAMITE DE AUDIENCIA

Concedido o preceptivo trámite de audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores do sector e ás dos consumidores e usuarios, durante o prazo concedido ao efecto, non foron presentadas alegacións nin consideracións.

V) INFORME DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE VEHÍCULOS

Solicitado informe a ITV sobre o viabilidade de programación do taxímetro coas modificacións propostas, informan que o tempo correspondente a tarifa 1 seria 293,24 segundos e o tempo correspondente a tarifa 2 seria 195,21 segundos, mantendo tódolos demais parámetros constantes, para que o taxímetro poida ser programado de conformidade co disposto na vixente normativa; de conformidade co anterior procede a adaptarse a tarifa proposta en relación cos segundos a información facilitada pola ITV para a programación dos taxímetros, de acordo coa normativa vixente.

VI) CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES

Na data 2 de decembro de 2019 tivo entrada no rexistro xeral do Concello o certificado do acordo adoptado pola Comisión especial de transporte publico en vehículos de turismo do Concello Galego de Transportes con seguinte contido;

“•O concello solicita un incremento do 1,5%, acorde coa regulación das súas ordenanzas. Sinálase que este artigo das ordenanzas podería vulnerar a regulación establecida pola lei de desindexación, polo que o incremento non debería referirse á evolución do IPC. En todo caso, achega un estudo económico que podería servir de motivación da revisión.

•Debe clarificarse que o suplemento por equipaxe só poderá ser cobrado a partir da segunda ou sucesivas maletas ou vultos de cada un dos ocupantes. De acordo co disposto



Concello de Vigo

no artigo 24.g) do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, o primeiro vulto de equipaxe ou pertenza por cada persoa usuaria ten que ser transportado gratuitamente. Porén, isto non se recolle axeitadamente na proposta remitida, na cal parece que o transporte dese primeiro vulto tamén estaría suxeito ao pagamento de tarifa.

•Na proposta da asociación local de taxistas se prevía un suplemento pola 5a e 6a praza en taxis de 6 e 7 prazas, respectivamente. Acertadamente, o concello non a prevé, non sendo acorde coa regulación que fai o artigo 29.2 da Lei 4/2013, do 30 de maio; ademais, non estaríamos ante un suposto de pagamento individual por praza, que requiriría, en todo caso, dunha regulación expresa por ordenanza municipal, e que afectaría ao conxunto de prazas do vehículo.

En relación co informe remitido aclárase o seguinte :

- No suplemento correspondente as maletas e vultos análogos xa se fai constar que quedan excluídas do citado suplemento as cadeiras de rodas e a primeira maleta non obstante completase a redacción para que quede claro que e por cada unha das persoas viaxeiras .
- Na proposta formulada non se prevé como ven di o informe contido na certificación, un pagamento individual por praza.

VII) NORMATIVA DE APLICACIÓN

-A Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia publicada no D.O.G.A de 14 de xuño de 2013.

-A Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo aprobada por acordo plenario de data 9 de febreiro de 2015 publicada no BOPP de data 11 de marzo de 2015, e modificada por acordo plenario de data 5 de setembro de 2018 publicado no BOPP de data 24 de setembro de 2018.

-O Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia aprobado por Decreto 103/2018 de 13 de setembro e publicado no Diario Oficial de Galicia de data 1 de outubro de 2018 .

VII) PROPOSTA

En consecuencia e de conformidade co disposto na lei 4/2013 de persoas en vehículos de turismo de Galicia así como no artigo 42 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada na sesión plenaria de data 9 de febreiro de 2015 a Orde de 26 de febreiro de 1993, Real Decreto 1634 de 1980, así como o Decreto da Xunta de Galicia 106/84 de 24 de maio sométese á consideración da Xunta de Goberno Local para a súa aprobación o seguinte :

ACORDO :

1)- Aprobar a solicitude de revisión das tarifas dos taxis da cidade de Vigo para o ano 2020 de conformidade co informe que antecede e que serían as seguintes :

TARIFA 1(días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Concepto	Euros
Tarifa mínima (1.700 metros e/ou 293,24 segundos)	3,75
Qm. percorrido	1
Hora de espera	20,87
Suplemento aeroporto	4,63
Suplemento lfevi	3,24
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,59

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Concepto	Euros
Tarifa mínima (1100 metros e/ou 195,21 segundos)	3,95
Qm. percorrido	1,12
Hora de espera	22,72
Suplemento aeroporto	4,63
Suplemento lfevi	3,24
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,59

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro(dende as 00.00 ata as 10.00): 2.31€
Suplemento por persoa a partir da sexta praza : 0,54 €

2.) - Remitir o expediente á Dirección Xeral de Industria e Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

18(1099).- APROBACIÓN DA DECLARACIÓN DE “ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL DESCONTINUA BEIRAMAR, ESPÍNEIRO, GRUPO FENOSA, A SALGUEIRA, SAN ROQUE E SAN PABLO DE VIGO”. EXPTE. 2301/431.

Dáse conta do informe-proposta de data 3/12/19 asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación e polo Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Por solicitude da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) e a proposta da OMRV, e tras a aprobación en Consello da Xerencia de data 02.08.2018, acórdase a tramitación correspondente para a declaración dunhas áreas como ARI formada inicialmente por 5 áreas, en cumprimento do Decreto 18/2014 do 13 de febreiro publicado no DOG do 25/02/2014 e ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, emítase en relación co asunto de referencia, o seguinte informe-proposta:

1. ANTECEDENTES

Xerais

A vivenda obreira está vencellada fortemente coa propia historia da cidade de Vigo, é un legado das diferentes etapas fundamentais do seu crecemento. O desenvolvemento e a creatividade nalgunhas intervencións urbanísticas e arquitectónicas é de grande interese, resultando necesaria a súa conservación, ao mesmo tempo que se conxuga coa adaptación á vida moderna.

Estas vivendas, na maior parte dos casos, realizadas por iniciativas do “Instituto Nacional de Vivienda” e da “Obra Sindical del Hogar”, así como as construídas polas industrias para poder albergar aos seus traballadores a carón das empresas, fábricas ou estaleiros; presentan na actualidade unha serie de importantes carencias funcionais: no seu mantemento, nas instalacións e nas condicións de accesibilidade e de eficiencia enerxética.

A rehabilitación de todos estes grupos de vivendas e dos seus espazos libres permitirá a rexeneración do entramado urbano, dotando da dignidade necesaria ás edificacións da masa social que co seu traballo axudou ao crecemento da nosa cidade.

O ámbito proposto contiña inicialmente 5 ámbitos ao que se engade posteriormente outro, que suman un total de seis Áreas diferenciadas, pero con características e problemáticas semellantes. En primeiro lugar, o “Grupo de Vivendas en Beiramar”, construídas en 1975; a segunda área proposta é a de “Espíneiro e a rúa Enrique Lorenzo” no barrio de Teis; tamén estarían incluídos o “Grupo de Vivendas promovidas por Fenosa”; o “Grupo sindical da Salgueira”, as “Vivendas sociais da rúa Emilia Pardo Bazán - San Roque” e o “Grupo de San Pablo”.

A Delimitación proposta consta de seis áreas diferenciadas que conforman un ámbito descontinuo.

A Área de rehabilitación integral Xeral discontinua de Beiramar, Espiñeiro, Grupo de FENOSA, A Salgueira, San Roque e San Pablo, inclúe 1 624 vivendas agrupadas en 176 edificios cunha superficie de 86 364,34 m² e esténdese en seis áreas.

Polas novas dos xornais coñecemos a participación veciñal e a súa mobilización para que se rexeneren estas zonas degradadas da cidade de Vigo.

Relativos ó planeamento urbanístico

Dentro dos requisitos da convocatoria pública de selección das obras de edificación será necesaria a obtención do correspondente título habilitante que avalará o cumprimento da normativa urbanística.

As obras que se seleccionarán nos edificios serán de restauración, conservación, rehabilitación, obras exteriores, compatibles co PXOM vixente.

As urbanizacións contarán cos proxectos de urbanización necesarios segundo a lei de Ordenación da Edificación e lei de Contratos do Sector Público, no que se pormenoricen as obras e o cumprimento da normativa.

As áreas están dentro dos grupos construídos dos anos 40, 60, 70 onde se sitúan as promocións de vivenda pública máis importantes en número e extensión do Concello de Vigo, pero no PXOM non se establecen polo de agora medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria ao ser un grupo de vivendas concebido como conxuntos e cun proxecto técnico específico conforme ao cal se edificaron resultando unhas zonas urbanas con características homoxéneas.

O ámbito estaría formado por un conxunto de áreas de xeito discontinuo pero ordenado para cada grupo, que manteñen un certo diálogo máis ou menos acusado co resto do entorno nos que están situados, e terán un tratamento semellante nas edificacións e nos espazos libres.

O grupo de vivendas para FENOSA está incluído no Plan Nacional do século XX dentro do apartado de vivenda moderna 1925-1965 da fundación DOCOMOMO Ibérico.

2. SITUACIÓN ACTUAL

A Área de rehabilitación integral Xeral discontinua de Beiramar, Espiñeiro, Grupo de FENOSA, A Salgueira, San Roque e San Pablo, inclúe 1 624 vivendas agrupadas en 176 edificios cunha superficie construída de 97 743 m² sobre unha superficie de solo de 86 364,34 m². Segundo os datos de catastro os bloques están edificadas entre 1940 e 1975.

Por áreas, están distribuídas do seguinte xeito:

ÁMBITO	SUPERFICIE (m ²)	Nº DE VIVENDAS	Nº DE EDIFICIOS
Beiramar	2.808,60	70	7
Espiñeiro	20.447,42	386	30
Fenosa	11.655,97	617	12
Salgueira	20.251,28	200	64
San Roque	27.058,57	271	53
San Pablo	4.142,50	80	10
TOTAIS	86.364,34	1.624	176



Concello de Vigo

Os datos da totalidade das vivendas dos grupos, as súas referencias catastrais, enderezos con rúas e números postais, reparto das vivendas por bloques, as superficies e o seu estado de conservación da edificación, é diferente para cada un, e recóllese na memoria que se xunta no expediente.

Aínda que os grupos, cada un deles, conta cunha actuación urbanística integradora, ésta é froito das políticas de vivenda dos anos 45 a 70, as formulacións orixinais da urbanización os seus acabados están obsoletos na actualidade e completamente degradados. Os espazos públicos non contan coas medidas axeitadas para a súa adaptación á mobilidade reducida ou á supresión de barreiras arquitectónicas. Nas edificacións producíronse distintas actuacións de mellora nos portais, escaleiras e nos accesos pero non queda resolta a supresión de barreiras arquitectónicas nas edificacións, algunhas de xeito conxunto por grupo outras de xeito individual, no caso das vivendas unifamiliares.

O espazo libre das distintas áreas teñen titularidade pública pero nalgún caso é de titularidade privada, e está conformado polos espazos libres que quedan entre os bloques, nalgúns casos de carácter residual, ou polos xenerados na súa contorna ou bordo ate os bloques de edificios máis próximos.

Na ámbito proposta, o uso fundamental é o residencial, quedan incluídos algún equipamento de xeito extraordinario e puntual, e locais comerciais que se instalan nas plantas baixa no caso do grupo das vivendas de FENOSA. Todas as zonas presentan espazos libres xa pavimentados en asfalto, baldosa de formigón, vexetación ou terra compactada.

O modelo de vivenda é semellante en algúns dos grupos, agás as que se corresponden con vivendas unifamiliares e en especial as do grupo de FENOSA, que son dunha tipoloxía moi diferente.

Na maioría dos grupos, os edificios están dispostos en fierras conformando espazos libres lonxitudinais. Esta disposición da edificación permite a formación de grupos de dous, tres, catro, seis e oito bloques unidos de forma lonxitudinal ou edificios de forma cadrangular formando unha cuadrícula ou con organización máis centralizada. Algunhas rúas presentan unha destacada importancia na ordenación do grupo xa formado eixe ou eixes, xa centralización dos bloques.

Exteriormente as edificacións presentan un estado variable, por reformas exteriores e nos elementos comúns dos bloques en distintas épocas, partindo das diferentes técnicas construtivas e idade da edificación.

O estado da edificación, o seu deterioro xeneralizado e en especial a necesidade de supresión de barreiras arquitectónicas, provoca a necesidade de intervención en todo o ámbito proposto.

A poboación é de idade media elevada e o nivel de renta ou os seus recursos son escasos, o que fai aínda máis urxente a resolución dos problemas de accesibilidade tanto nos espazos públicos coma nos edificios.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranger zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de

vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servicios e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretende é coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

O Decreto 18/2014 do 13 de febreiro, no seu artigo 9 establece as clases das áreas de rehabilitación integral, que no noso caso, corresponderíase coa Área de Rehabilitación Integral Xeral xa que non pertencería a ningunha das categorías consideradas como de Conxunto histórico nin rural. Neste caso, ao estar formado por áreas que non están unidas en toda a súa superficie, o ámbito a declarar sería un ARI DESCONTINUA.

4. PLAN ESTATAL 2018-2021

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o período 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quenes asuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.

Alo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundO o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.



Concello de Vigo

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse por prioridades e segundo se recollan nos Acordos da Comisión Bilateral. Estará regulada o financiamento ao abeiro do plan estatal en vigor ao logon do seu proceso rehabilitador.

5. PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE ARI DESCONTINUA

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a declaración de **ARIX Descontinua** dos grupos de vivendas **Beiramar, Espiñeiro, Grupo Fenosa, A Salgueira, San Roque e San Pablo** de tal xeito que esté de acordo coas características do Plan Estatal para este tipo de barrios degradados.

En consecuencia, propónse ao Consello de Xerencia e, por proposta do Consello da Xerencia da XMU, se é o caso, á Xunta de Goberno Local, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a delimitación do ámbito descontinuo proposto para solicitar a “**Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral Descontinua dos grupos de vivendas Beiramar, Espiñeiro, Grupo Fenosa, A Salgueira, San Roque e San Pablo – Vigo**”, tendo en conta as determinacións do planeamento vixente e parámetros polos cales está afectada a área proposta.

SEGUNDO.- Aprobar a memoria explicativa que se xunta para solicitar a “**Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral Descontinua dos grupos de vivendas Beiramar, Espiñeiro, Grupo Fenosa, A Salgueira, San Roque e San Pablo – Vigo**”.

TERCEIRO.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, a “**Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral Descontinua dos grupos de vivendas Beiramar, Espiñeiro, Grupo Fenosa, A Salgueira, San Roque e San Pablo – Vigo**”, segundo a delimitación que da devandita área se establece nos planos incluídos na Memoria-Programa de acordo coa clasificación prevista no artigo 9 do Decreto 18/2014.

CUARTO.- Comprometerse a manter a Oficina Municipal de Rehabilitación, con medios suficientes, para a xestión e o impulso de actuacións de rehabilitación no ámbito.

QUINTO.- Solicitar acollerse ás axudas previstas para esta área de acordo cos Programas incluídos no RD 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, na R 03.08.2018 e R 31.05.2019, polas que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia que o desenvolve.

SEXTO.- Autorizar ao Sr. Alcalde-Presidente para que solicite a devandita declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral Descontinua, a formalización dos convenios marcos ou específicos e a súa sinatura, para levar a cabo a actuación prevista.

Con data 10/12/19, o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo acorda elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1100).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZO DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 8971/336.

Visto o informe de fiscalización do 29/11/19 e o informe xurídico de data 11/12/19, dáse conta do informe-proposta do 28/11/19, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Xunta de goberno Local, en sesión de 23 de marzo de 2015 adoptou o seguinte acordo: "Adxudicar a Clece S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de Dinamización Infantil (expediente 4156-336), por un prezo para os catro anos de duración de 495.384,60€(IVE engadido)".A data de formalización do contrato foi o 15/04/2015.

Para establecer a data dende a que procede a revisión tomarase a data do último día de presentación de ofertas (04/12/2014) e engádeselle 3 meses (04/03/2015) , sendo esta a data a partires da cal de aplicará a revisión do IPC, para o cal aplicaráselle a fórmula:

- Incremento do PIB ano n-1 < 2%, a revisión será incrementándose un 0,4%.
- Incremento do PIB ano n-1 > 2%, a revisión será incrementándose un 0,9%

Polo tanto, e a vista do anterior, a anualidade do contrato obxecto de revisión é de 127.220,19€/ano (10% ive incluído) unha vez aprobada a 3ª revisión de prezos pola XGL en sesión do 05/07/2018 (8610-336).

Para proceder á 4ª **revisión** do mesmo tomarase a referencia do incremento do PIB no ano 2018, o cal sitúase en un incremento do 2,3%. Ao ser a variación do PIB superior ao 2% (segundo o INE o PIB para o ano 2018 foi de 2,3%), corresponde un incremento do **0,9%**, que aplicado o prezo do contrato resulta un **prezo revisado de 128.365,19€/ano ive incluído, para as facturas do período 16 abril 2019/ 15 abril 2020, sendo o importe da revisión 1.144,98 €/ano.**

Cálculo dos atrasos

4ª REVISIÓN DE PREZOS

Período 16 de abril de 2019 – 31 outubro de 2019: 572,48 € (1.144,98:11x 5,50)

Total atrasos 4ª revisión 16/04/2019 -31/10/2019= 572,48 €

Dito importe regularizarase unha vez que aprobe o expediente a Xunta de Goberno Local.

A factura mensual a partir da aprobación do acordo da revisión pola XGL será de 11.669,56€/mes (128.365,19 € / ano :11 meses).

Polo exposto anteriormente, previo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

ACORDO:

1. Aprobar a 4ª Revisión de prezo do contrato servizo de Dinamización Infantil fixando o mesmo a partires do 16/04/2019 ata o 15/04/2020 en **128.365,19 €/ano ive incluído**.
2. Aprobar en o gasto de **572,48 €** concepto de atrasos correspondentes á 4ª revisión de prezos para o período **16/04/2019 -31/10/2019**, que deberán ser consignados con cargo á partida 3370.227.99.00.
3. Aprobar o importe de **11.669,56€/ mes** (11 meses), correspondente á facturación mensual a partir da aprobación do presente acordo.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1101).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minuots. Como secretaria dou fé.

ME

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez